Publ. Diversa 30

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XI • 12 DE XANEIRO • 1989 — Nº 370 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

A INÉDITA VERSIÓN OFICIAL, REMITIDA Á CEE, DEMOSTRA QUE SÓ SE EMBARCARON EN SAN CIBRÁN O 2.31 POR CENTO DOS PRODUCTOS TÓXICOS

INFORMES *CASON*: LUZ EN FISTERRA

Co informe elaborado pola "Comisión" e o "Oficial", remitido á CEE pola Administración española, que sae hoxe publicado por primeira vez, comezan a despexarse moitas dúbidas sobre o embarrancamento do buque panameño e os sucesos subseguintes. As responsabilidades móstranse evidentes.

ANXO IGLÉSIAS

D. Villalaín: 'O CDG perdeu o prestíxio na xestión anterior'

Damián Villalaín, xornalista que até agora ocupaba o servicio de prensa do Concello de Santiago, ven de ser nomeado recentemente director do Centro Dramático Galego, cargo anteriormente ocupado por Dorotea Bárcena. O nomeamento tivo unha certa contestación e agora ábrese a expectativa do novo rumo que Villalaín poda darlle ao CDG na tempada que comeza.

(Páx. 15)

M. Mera: 'Hoxe con organización social pódese conseguer moito'

Bon conversador, desprendido do esquematismo característico de tantos políticos, detenta a capacidade de ensarillar o dato macroeconómico coa reivindicación pontoal, de modo parello a como a sua preocupación pola história non impede que esteña sempre disposto a reclamar para a central a última mellora tecnolóxica. Home estudoso e ben informado prefire reivindicar a sua orixe rural, o seu decisivo paso pola emigración arxentina

e a sua traxectória dun xa longo compromiso estudantil, obreiro e político. **(Páx. 10 e 11)**

A multinacional italiana do vidro a exame

Desde a Revolución industrial que no século XVIII se estendeu por Europa, calquera proceso industrializador veu sempre da conseguinte polémica en torno ás suas consecuéncias contaminantes. Case poderiamos dicer que nos periodos de crise medra o interese pola "criación de riqueza" e pola ubicación de indústrias, mentras que en épocas de desenvolvimento se intensifican as demandas anti-contaminantes e de depuración.

(Páx. 8 e 9)

Probábel adiantamento das eleicións xerais

O venres dia 13 na reunión do comité confederal do PSOE pode quedar definitivamente desfollada a margarida que Felipe González está a esculcar: eleicións en Marzo, no Outono ou en Xuño, con preferéncia por esta orde; porque o que si semella claro é que as Eleicións Xerais van ser adiantadas, mália os desmentidos sempre existentes. O Governo pretende ganarlles pola man a sindicatos e partidos políticos.

(Páx. 5)

CADA 4 MINUTOS...

AEROLINEAS ARGENTINAS

A CORUÑA RESERVAS TELF. 21 32 11

Só 51 toneladas e média de substáncias químicas de alta toxicidade, procedentes das adegas do *Cason*, foron embarcadas en San Cibrán abordo do buque *Galerno*, segundo indica o informe realizado pola equipa formada para o esclarecimento do embarrancamento do mercante panameño en Fisterra. Esta cantidade supón so un 2,31 por cento das 2.226 toneladas de tóxicos que o Governo Español declarou nunha nota enviada ao Grupo de Expertos da Comunidade Económica Europea para informar sobre a cárrega que transportaba o barco sinistrado na costa de Fisterra. O informe que dirixiu Ruiz-Jiménez, confirma tamén que o *Casón* embarrancou por decisión das autoridades, ainda os graves sucesos que ocorreron a partir deste feito non orixinaron sanción nengunha.

A inédita versión oficial, remitida á CEE, demostra que só se embarcaron en San Cibrán o 2.31 por cento dos productos tóxicos

Informes *Cason*: luz en Fisterra

Co informe elaborado pola "Comisión" e o "Oficial", remitido á CEE pola Administración española, que sae hoxe publicado por primeira vez, comezan a despexarse moitas dúbidas sobre o embarrancamento do buque panameño e os sucesos subseguintes. As responsabilidades móstranse evidentes.

G.LUCA-A.EYRÉ-H.NAVAL

UNHA GABARRA CARGADA CON BIDÓNS DO *CASON*, FOI AFUNDIDA A DOCE MILLAS DE FISTERRA

Representantes da administración Central e da Autonómica tomaron unha interminábel série de resolucións erradas ou irresponsábeis, sempre con gran perigo para a povoación, que rematarian co arbitrário despido do Comité de Empresa de Alúmina-Alumínio. Esta é a conclusión terminante a que chega a equipa formada para o esclarecemento dos feitos. O traballo, no que participaron 25 membros de institucións relacionadas co médio ambiente e os direitos humáns, asi coma parlamentários e cargos de distintas formacións políticas, publícase un ano despois dos acontecementos e denúncia anomalias en catro frentes principais de actuación dos poderes públicos: no xeito de auxiliar ao buque, que provocaria o embarrancamento nunha comarca densamente povoada; na xestión da protección civil, que puxo en perigo vidas e bens materiais de milleiros de persoas; na desinformación á povoación e no traslado da carga tóxica, cúmio de torpidades que haberia de producir finalmente a grave crise de *Alúmina-Aluminio*, co despido do Comité de Empresa. Nas conclusións concédese moita importáncia ao feito de non ter a Administración previsto o regulamento do tránsito marítimo por Fisterra, o segundo ponto de recalada (accidente xeográfico de paso obrigado) do mundo, con máis de 50 mil cargueiros por ano, e esixe o urxente control desta circulación naval.

Remolcado a terra

O informe confirma que o barco en perigo foi remolcado contra vento e corrente desde o baixo do *Muñeco*, situado a 12 millas a Ponente de Fisterra, deica o cantil do Castelo ao pé da praia do Rostro. Despois de lembrar que o barco panameño reclamara axuda con fogo abordo cando navegaba a oito millas da costa, o informe sinala que se produciron "unha série de sucesos marítimos de difícil explicación. De feito, a actuación dos buques que acudiron en auxílio do *Cason* non está ainda hoxe suficentemente explicada. O remolcador *Remolcanosa 5* levou ao *Cason* até un lugar perto da costa no que aparentemente podia embarrancar o barco sen perigo de quebranto (deformación irreparábel da quilla) imediato, pero pésia a ter un enlace co buque por medio da correspondente estacha o buque panameño foi deixado embarrancar anormalmente. Debe denunciarse a posíbel

EDITORIAL

A VERDADE DOS INFORMES

O comité de *Alúmina-Aluminio* despedido, a producción dunha importante fábrica parada, a evacuación dunha comarca inteira con gravísimos perxuícios económicos e un calvário de moléstias para xentes de todas as idades, toneladas de produtos tóxicos arrastrados pola enxurrada da mar rompente sobre a riquísima costa de Fisterra. Son estas algunhas das consecuéncias primeiras que hai un ano relacionábamos nestas mesmas páxinas co embarrancamento deliberado do mercante panameño *Cason*, e que agora volven á actualidade por causa do informe que a comisión de técnicos, representantes de institucións cidadáns, de defensa do médio ambente e políticos de diversa adscripción veñen de dar a coñecer. O documento conxunto convén que o perigoso embarrancamento do *Cason* en Fisterra foi deliberado: coa mar e vento case en calma, o remolcador que tiraba do barco abandonado non podia ter dificuldades para arrastralo lonxe de costa. Pero esta decisión, da que se derivaría un cúmio de perxuicios que empezan no próprio barco e chegan deica a gravísima arbitrariedade cometida contra dos traballadores de *Alúmina-Aluminio*, non foi nunca obxecto de investigación xudicial nen se sabe de propósito nengun nesta dirección.

Para todo o que se refira ao *Cason* a Administración beneficiase dunha auto-decretada salvedade legal máis própria dun governo autocrático que doutro que chegou á maioria prometendo transparéncia. Isto é asi até o extremo de negar á comisión presidida polo ex-Defensor do Povo informacións básicas que só a tristemente famosa equipa do Director Xeral da Mariña Mercante puido coñecer. Entre elas a natureza e o volume da carga embarrancada en Fisterra. Nestas páxinas damos conta dun documento enviado pola Administración ao Grupo de Expertos da CEE, que entende en casos de contaminación. Por esa nota resulta que nas adegas e na cuberta do *Cason* había 2.226 toneladas de productos químicos clasificados coma tóxicos e pola orde da dirección xeral da Mariña Mercante enviada a San Cibran, só 51 toneladas e media de Ortocresol e Formaldehido embarcaron no *Galerno*. Asi resulta que por librar a costa de Fisterra con só o 2.31 por cen da carga perigosa do *Cason*, a Administración puxo en perigo moitas vidas, violou normas básicas do transporte rodado destes productos e alterou gravemente a situación de *Alúmina-Aluminio*. No entanto, o resto da carga perigosa que non arrastrou a mar levada de Fisterra sobre os mellores parques de pesca do país segue nas adegas do barco. Isto se non descontamos a gabarra de seis toneladas carregada con recipientes estragados das adegas do *Cason* que o director da Mariña Mercante mandou afundir clandestinamente no *Canto do Muñeco*, un caladeiro de palangre tradicional, situado a doce millas do cabo de Fisterra.

O informe da Comisión que dirixiu Ruiz-Jiménez acada cen razóns para a indignación e unha solpresa que máis dunha vez fixemos nosa desde estas páxinas: como é posíbel que non se procese a nengun dos moitos cargos da Administración e do Governo que delinquiron contra o povo que cobran por defender? □

O *REMOLCANOSA 5* FORZOU O EMBARRANCAMENTO DO BUQUE ABANDONADO

desídia en evitar o embarrancamento ou incluso aventurar a hipótese do seu embarrancamento provocado: non é posíbel esquecer que ainda hoxe non se explicou de xeito convincente a causa pola que se deixou vontariamente embarrancar ao *Cason* nese ponto da costa galega"

No Informe Marítimo , redactado polo representante da Asociación de Titulados Náutico-Pesqueiros (AETINAPE), Pedro Riveiro Domínguez, confírmase as 7.45 h. da mañá do 5 de Nadal de 1987 como hora na que a Rádio Costeira de Fisterra comunica á Cruz Vermella do Mar a chamada de socorro do barco panameño. Ás 13.00 h. do dia seguinte o *Remolcanosa 5* chegou a Fisterra pero non axudaria ao resgate dos náufragos. "Sen máis —indica este informe— estabeleceu comunicación pola rádio costeira e interesouse polo buque". Ás 17.10 h., membros da dotación do *Remolcanosa 5* subiron abordo do barco abandonado e fixaron o remolque. "Ás 17.30, o *Remolcanosa 5* e o buque de bandeira panameña *Cason* seguen enlazados pola estacha coa diferéncia de que neste caso son dous os abatidos pola mínima forza do vento e pola máis considerábel forza ou intensidade da corrente, pooibilitando asi un forzado e concienzudo embarrancamento na zona onde hoxe se atopa." O patrón da lancha da Cruz Vermella do Mar, nada máis chegar a terra, comunicou o inminente embarrancamento do barco panameño. Naquel momento, a mar estaba en calma e o vento Oeste-Suloeste era moi levián polo que o *Remolcanosa 5* tiña forza abondo para retirar o barco da costa.

No informe do representante da AETINAPE recóllese a declaración interposta dun axente da aseguradora *Lloyds* segundo a que a operación de salvamento fora concertada ás 10 da mañá co *Remolcanosa 5*. "Dias máis tarde, inteirados de que habia catro persoas que presenciaran o embarrancamento (o axente da *Lloyds* contactou con elas oferecéndolles 85.000 pesetas se prestaban declaración do que viran, pero tampouco tivo éxito". Este interese por obter unha declaración de testigos estaria fundado, dacordo co informe, na natureza do contrato de salvamento, con duas pólizas. A primeira seria de 300 millóns por alonxar o barco de costa e remolcalo a porto para descargar. A segunda ascendía a 3.000 millóns por sacar o barco dun encallamento fortuito.

Verdadeiro calvário

De "verdadeiro calvário" califican os autores do informe o capítulo interminábel que comeza para os viciños da comarca desde o intre mesmo en que as autoridades de Marina toman a decisión de embarrancar o barco. "A Chegada da lancha de salvamento da Cruz Vermella (que saira ás 7.45 para auxiliar ao mercante panameño) levando os cadavres dalguns tripulantes (...), asi como a nova de que o capitán do *Cason* se tirara ao mar, prévia orde de abandonar o buque (...) conlevou unha imediata alarma, incrementada ao comezar posteriormemnte as explosións que se foron producindo por causa das explosións químicas".

O INFORME DENÚNCIA ERROS EN CADEA DA ADMINISTRACIÓN E NENGUNHA SANCIÓN

O secretismo das autoridades e servicios administrativos non permitía confirmar naqueles momentos o rumor certo de que a autópsia dos 23 tripulantes mortos (a dotación do barco estaba formada por 31) sinalaba a intoxicación como causa do falecemento. "Dubida esta comisión que ainda no día de hoxe a Administración coñeza realmente os productos que transportaba o buque. É de temer que dita información nen sequer obre hoxe en poder da Administración (...) Un ano despois do acontecemento ainda non se coñece con exactitude cales eran os produtos transformados polo buque sinistrado."

Perdidos ou agachados os dados do manifesto de carga do barco, a especulación administraba libremente os grados de perigosidade da carga. Pero é un feito obxectivo, lembrado agora pola investigación, que as substáncias químicas que percorreron un bo pedazo da xeografia galega estaban suxeitas a precisas normas de seguridade e sinalización que foron ignoradas.

No informe figura asimesmo un reconto porlo miudo dos feitos escrito polo alcalde de Fisterra, Rafael Mouzo. Nel se relata a manobra de afundimento, á vista de Fisterra, dunha gabarra de 6 toneladas de desprazamento cargada con productos sacados do *Cason*. Este cargamento tóxico afundido no *Canto do Muñeco* (a doce millas do Cabo Fisterra) e os 51.400 kilos de Cresol e Formaldehido embarcados en San Cibrán a tan alto custe, é todo o que se recuperou do barco panameño. □

Madiedo e Andrés Moreno nunha rolda de prensa en plena crise do *Cason*.

UNHA PRIMA DE SEGURO MULTIPLICABA POR CEN A CANTIDADE DO RESGATE DE LEVARSE A CABO SOBRE O BARCO ENCALLADO

Segundo a versión oficial enviada á CEE

O *Cason* embarrancou por causa do vento e o mar lavou a contaminación producida

O *Cason* navegaba de Amberes a Shangai cun cargamento de sustáncias químicas perigosas e dou en terra accidentalmente, despois de declarar un incéndio abordo. Esta é a versión que o Governo Español apresentou ao Grupo de Operacións da CEE, á maneira de informe final no que se minimiza a contaminación. A NOSA TERRA tivo acceso a este documento, que vai asinado por Fernando Pardo, xefe do Servicio de Contaminación Marítima da Dirección Xeral da Mariña Mercante, e que non foi ainda publicado.

A versión do Governo central, que contradi espectacularmente á da Comisión de Expertos e Representantes Políticos incluida nestas mesmas páxinas, indica que o *Casón* radiou unha chamada de socorro con indicación de que tiña lume abordo cando eran as 4 horas e 55 minutos do día 5 de Nadal de 1978. "Ás 5.55 h. —prosegue o documento— , desde o buque *Cason* informan que non poden dominar o incéndio e que abandonan o buque". Na operación de salvamento que a Administración puxo en marcha, interviron "tres helicópteros, un remolcador, lanchas de salvamento e os buques que navegaban naquelas águas". A primeira evidéncia de que a carga que transporta o barco en chamas pode ser perigosa, procede da comprobación das etiquetas de perigo polo persoal de salvamento. "Despois de recuperados os supervivintes e os cadáveres, o remolcador de salvamento tentou salvar o buque, pero as malas condicions meteorolóxicas e o fogo que seguia abordo dificultaron as operacións e o barco, baixo a acción do vento, embarrancou na costa", indica o escrito.

A NOTA OFICIAL RECOÑECE 2.226 TONELADAS DE TÓXICOS DAS QUE SÓ 51 SE EMBARCARON EN SAN CIBRÁN.

A Administración española elaborou un estado da carga do barco coa axuda do Grupo de Traballo da CEE e das autoridades marítimas dos portos de Hamburgo, Rotterdam e Amberes e puido saber que nas adegas do *Casón* había 2.226 toneladas de mercadorias perigosas. As que máis preocupaban á equipa encargada pola Administración de solucionar o caso, co director xeral da Mariña Mercante ao frente, eran "a Anilina, o Ortocresol e o Disocionato de Difenil-metano (MDI) que no código IMDG aparecen mencionadas na clase 6.1 e só o Ortocresol figura coa nova característica de *Contaminante do Mar*". O reconto oficial indica que "as restantes substáncias eran inflamábeis ou corrosivas e apenas apresentaban amenaza para a contaminación do mar, agás o combustíbel do buque. A carga de sodio metálico era a que podia apresentar un perigo máis grande desde o ponto de vista da seguridade".

Unha masa de fogo

Na relación presentada pola Administración Central á CEE, inclúense 2000 sacos (50 toneladas) de Anhídrido Ftálico, e 3 toneladas de Ácido Orto-Fosfórico, que teñen a clasificación IMDG 8, asi coma 5.6 toneladas de Aerosoles ou 10.4 toneladas de Formaldehido, con clasificación IMDG 9.

O plan de acción preparado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante recoñece as seguintes prioridades: 1.- Descarregar o sódio da cuberta. 2.- Descarregar o sódio da primeira adega. 3.- Descarregar as mercadorias perigosas situadas na cuberta por este orde de prioridade: Ortocresol, MDI, Formaldehido, Acido Fosfórico e Acido Sulfúrico. 4.- Trasvasar o Fuel-Oil. 5.- Descarregar o resto empezando polas máis perigosas. En cinco dias, a equipa enviada por Madrid para a recuperación da carga perigosa resgatou 204 bidóns de Ortocresol e 29 de Formaldehido: en total 51 toneladas de carga. "Durante os dias que seguiron, despois do 10 de Decembro, e como era de esperar, por causa da acción das ondas, produciuse a rotura dos bidons de sódio de maneira que se iniciou unha violenta reación coa água que se extendeu prácticamente á totalidade do buque pois o sódio estaba arrumado nas adegas 1, 2 e 4 e a sua reacción propagou o lume ás mecadorias inflamábeis. Nos dias 10 e 11 continuou a reacción do sódio e o incéndio, que no seu intre máis activo converteu o buque nunha grande masa de fogo". Segundo explica o informe desde o dia 10 deica o 18 , o estado do mar non permitia as operacións de descarrega. "A partir do dia 18 —precisa— traballouse con relativa continuidade, e dacordo co plan previsto recuperouse parte da mercadoria perigosa, ainda que con grandes atrancos para a recuperación dos bidóns estibados baixo cuberta, pois o traballo e o mar tiñan convertido as adegas nun revoltallo de carga que non deixaba chegar ás mercadorias perigosas". Perante este "estado de completo desorde" das adegas, decidiuse utilizar unha grua- tenza para romper a chapa e asi poder acceder á carga. Estes traballos déronse por rematados o 12 de Marzo de 1988. "Compre salientar — conclue o informe— que con toda a dificuldade das operacións non se rexistrou accidente mortal nengun, e só tres feridos de pouca importáncia e un con síntomas leves de intoxicación por contacto coa anilina,"

O SÓDIO, SINALADO COMO CAUSA POSÍBEL DO ACCIDENTE

Manchas de cor marela

O sumário realizado pola Administración Central aborda tamén a contaminación detectada polo embarrancamento do *Casón* e indica que os dias de temporal non se podia tomar mostras. Precisamente canto máis fortes eran as ondas, máis rompian os bidóns ou se revolvia a carga contaminante e a simples vista "formábanse manchas de cor marela oscura, nun rádio non superior a unha milla do barco", pero só o 14.1.88 detectaron concentracións apreciabeis. Os verquidos de substáncias contaminantes tiñan lugar de forma intermitente e en pequenas cantidades que resultaban neutralizadas pola acción do mar, normalmente moi forte na costa do accidente.

O *CASON* PEDIU AUXÍLIO ÁS 4.55 H. DA MAÑÁ, E O AVISO Á LANCHA DA CRUZ VERMELLA DE FISTERRA DOUSE ÁS 7.45 H.

A Administración fai por fin un chamamento porque non se admita o transporte de productos químicos con nomes comerciais, porque se melloren os envases do sódio "segundo parece causante do accidente" e agradece a colaboración do Grupo de Operacións da CEE, (indicado no documento polo seu nome inglés de *task force*). □

Intentan descalificar á Comisión

Xunta e Governo central non queren valorar o informe

A Administración española non quixo entrar a valorar as conclusións extraidas pola comisión que investigou os sucesos relacionados co embarrancamento do buque panameño "Cason". O máis que fixo foi intentar descalificala afirmando que "non era institucional", agardando ainda que Garcia Sabell, o Delegado do Governo Central na Galiza (quen declarou A NOSA TERRA que non poia valorar o irforme xa que non o coñocia pois non lle foi remitido) ou outro representante, se decidan a rebater, se é que poden, un informe que os deixa evidentemente malparados.

Tampouco a Xunta deu a coñecer a sua opinión, ainda que o Vice-presidente Suárez Vence, nunha atitude menos prepotente que o PSOE, dixo que o Governo galego as estudaria.

Pola contra están a usar aos coríferos de turno para tratar de desprestixiar a unha comisión, formada por homes de probada solvéncia profesional, de reputada fama (como un Ruiz Jiménez que tanto ensalzaron en tempos, cando o nomearon "Defensor del Pueblo", pola sua honradez e xustos critérios) e diversidade ideolóxica; afirmando que non é "institucional" cando eles foron, precisamente, quenes se negaron a constituir calquera comisión deste tipo nos diversos parlamentos. Tamén a acusan de partidista e de intentar exculpar oa Comité de Empresa de Alúmina-Alúminio, esgrimindo o argumento de que o informe recolle o que xa no seu dia dixo o BNG, co que non se conclue outra razón que non sexa a de que o BNG esta no certo.



DELMI ÁLVAREZ

A maquinária de Alúmina-Aluminio foi aferrollada pola dirección empresarial para que non traballasen os obreiros.

Precisamente o Bloque Nacionalista Galego afirma nun comunicado que a Comisión Investigadora confirma no seu informe o xa difundido polo BNG no seu dia tanto nos meios de comunicación como nas distintas mocións apresentadas no Parlamento ou nos concellos, confirmándose "a capacidade de responsabilidade e de defensa do Pais que o BNG ten en todo o seu traballo pois se se puxeron en práctica medidas eficaces foi grácias a existir perto do lugar do accidente un alcalde do BNG, Rafael Mouzo en Corcubión, tratouse no Parlamento gracias a X. M. Beiras e participámos activiamente en todas as mobilizacións para evitar a procesión mortuória dos bidóns"

O BNG esixe, por último, a "readmisión inmediata con indemnización, polo tempo de traballo perdido, do Comité de Empresa de Alúmina-Alumínio; a efectivización inmediata das indemnizacións aos mariñeiros e a todos os habitantes da zona que se viron perxudicados no seu traballo e nos seus bens: a recuperación, para a sua posterior destrución, dos restos do buque "Cason", que ainda permanecen nas costas de Fisterra asi como un estudo meio-ambiental profundo e sério para ver a repercusións e procurar solucións, aos danos causados no mar, no peixe e no entorno".

Afirma finalmente que se o executivo galego non "pon inmediata solución demostrará máis unha vez que non ten capacidade para governar o País", polo que o povo galego deberá cambialo".

Pola sua banda o PSG-EG demanda que "se depuren as responsabilidades do presidente, governadores civís e conselleiros de Ordenación do Território e Presidéncia". O PSG- EG afirma que o "castigo político e penal se fose preciso, a estes e outros responsábeis é tan necesário como a reparación total do dano causado aos traballadores de Alúmina e ao seu Comité de Empresa".

O PSG-EG afirma que a Comisión merece a máxima consideración e respeito, supoñendo que no seo da sociedade civil xurden iniciativas que suplen o oscurantismo e a dudosa boa fe dos governantes, ao tempo que se laia de que o Executivo tripartito non aprobara a constitución dunha comisión investigadora. Apresentou tamén unha iniciativa para que o parlamento autonómico debata o citado informe.

O Alcalde de Fisterra, Valentin Castrege, acusa á comisión de ocultar fallos polos que se debe esixir responsabilidades, desde "xornalistas a persoas públicas que foron pola rua sementando o medo" ao tempo que se mostra en desacordo coas acusacións verquidas contra o ex-governador Luis Moreno e se queixa por non ter sido invitado a formar parte da nomeada comisión.

O sábado dia 14 o informe será apresentado no Parlamento Europeu co fin de que nomee unha comisión investigadora especial para esclarecer os acontecimentos. Tamén AP apresentou no Parlamento galego unha proposición na que se pede a formación dunha comisión para estudar o informe realizado por esta comisión cidadana. □

'Non pararemos até recuperar o posto de traballo'

Ánxel Pérez, presidente do Comité de AA

Desde o seu domicílio na vila de Ribadeo, Ánxel Pérez, presidente do despedido Comité de Empresa de AA, resposta ás peruntas do correspondente de ANT na Mariña, xornal a quen exclue da diana contra da que lanza unha forte acusación: "Moitos meios de comunicación volcáronse en interesados e moi sospeitosos ataques contra nós, e non cumpriron o labor social para o que deberan ser concebidos".

Cal é a valoración que fai o Comité de Empresa do Informe da Comisión Investigadora Extraoficial e, en calquer caso, cal é a sua opinión particular

A valoración do Comité é, por suposto, positiva, xa que ven confirmar as teses que mantivemos en todo intre: os culpábeis da paralisazión das séries de electrolise na factoria non fumos nós. Nós non trouxemos os bidóns tóxicos para San Cibrao. Queremos suliñar o prestíxio das persoas que constituen a Comisión, a sua solvéncia moral e social. Elaboraron un informe realista que agardamos surta efeito. Particularmente penso que a publicación do informe deberia facer remorder a conciéncia a moitos meios de comunicación que nos atacaron despiadada e inxustificadamente. Que haberá por médio?. En fin agardo que o veraz coñecimento público do que tristeiramente aconteceu na Galiza e e en San Cibrao en Nadal do 1987 esté agora máis perto.

Está anunciada a apresentación do informe en Lugo para o dia 12. Como pensa que vai influir o informe nos maxistrados á hora de estes dictar senténcia?

Non ten por que influir. Deben dictar xustícia obxectivamente. Obxectiva e humanamente. Non se trata só de aplicar a lei con frialdade; os maxistrados, como persoas humanas, poden equivocarse, pero tamén poden querer equivocarse. Que lle boten, logo, unha ollada ao informe, pódelles ser moi instructivo.

Que novos pasos pensa dar o Comité despedido tras coñecer o informe.

Non serán pasos novos. É continuar co previsto. Confiar que a proposición non de Lei de IU en Estrasburgo sexa apoiada por todos os grupos de europarlamentários, agás, claro, o grupo socialista. E pular porque a Comisión Investigadora Europea que salla de Estrasburgo enlace coa do Estado español e contribua ao total esclarecimento dos feitos e máis á total confirmación de culpabilidades. Nós imos loitar até o final pola recuperación dos nosos postos de traballo. □

A PUBLICACIÓN DO INFORME DEBERIA FACER REVOLVER A CONCIÉNCIA A MOITOS MEIOS DE COMUNICACIÓN

Unhas conclusións adiantadas por ANT

O "Informe sobre o *Cason*" elaborado por unha comisión especial, criada diante da negativa do PSOE e partidos coaligados na Galiza a formar unha "comisión institucional" segue a mesma liña argumental e coincide nos pontos esenciais co publicado por A NOSA TERRA nas semáns posteriores ao embarrancamento e sucesos derivados, como a paralisación das cubas de Alúmina de San Cibrán. Non constatámos esta coincidéncia para apontarnos tanto informativo algun, que si existiu, senón para deixar evidéncia dunha realidade facilmente perceptíbel, pero que uns non quixeron ver e outros fixeron todo o posíbel por enmascarar, cando non desvirtuar totalmente.

A gravidade dos feitos, constatados por expertos e políticos de diverso signo, un ano despois, aparecia xa tan nídia naqueles dias que os traballadores deste periódico renunciaron a oito dias de vacacións de Nadal para dar cumprida información de todo o relacionado coa paralización das cubas electrolíticas de Alúmina- Aluminio.

O seguimento informativo realizado por A NOSA TERRA foi, desde o momento do embarrancamento do buque panameño, pontual e ao pé da notícia, ainda que non realizámos só unha relación dos feitos, senón que intentamos buscar unhas causas que, agora, o informe elaborado pola comisión ven a corroborar.

Aparecen tamén no estudo coordenado polo ex-Defensor del Pueblo, Ruiz Jiménez, as distintas responsabilidades, ainda non depuradas, daí o interés existente agora en descalificar, non as conclusións expostas no informe, senón á própria Comisión que as realizou. Segue o intento de ocultar os feitos pois o que se pretende non é xa sacudirse as responsabilidades, senón traspasalas en gran parte ao Comité de Empresa de Alúmina- Aluminio. Esa é a orixe das críticas a que no informe non se enxuície negativamente o papel dos traballadores. □

GALIZA E MUNDO

■ Moción de censura no Saviñao (Páx. 6) ■ Ourense: parróquias sen luz (Páx. 7)
■ O panorama económico mundial visto por James Petras (Páx. 12)
■ Último intento de derrubar a Gadaffi (Páx. 13)

ELEICIÓNS

O 22 de Marzo, Outono e Xuño as datas baralladas

O PSOE disposto a adiantar as eleicións para intentar voltar ao bipartidismo e desfacerse da presión sindical

O venres dia 13 na reunión do comité confederal do PSOE pode quedar definitivamente desfollada a margarida que Felipe González está a esculcar: eleicións en Marzo, no Outono ou en Xuño, con preferéncia por esta orde; porque o que si semella claro é que as Eleicións Xerais van ser adiantadas, málias os desmentidos sempre existentes. O Governo pretende ganarlles pola man a sindicatos e partidos políticos. Aos primeiros trasladando o enfrentamento ao plano eleitoral. Aos segundos non dándolles tempo de pór en marcha as suas estratéxias. Calquer que sexa a data, vai ter unha influéncia clara no panorama político galego.

Palácio da Moncloa

Felipe González preparaba o seu discurso diante do Congreso para explicar a folga do 14 de Decembro cunha idea básica: anunciar a disolución das Cortes e a conseguinte convocatória de eleicións anticipadas. Cinco horas antes da sua presenza na Carreira de San Xerome tivo que mudar o signo da sua intervención; un inquérito realizado con urxéncia polo Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), auguráballe ao PSOE non so a perda da maioria absoluta senón un forte ascenso do CDS que poderia chegar a 70 ou 80 deputados e de Izquierda Unida que rondaria o meio cento. Polo demáis, AP sofriria unha tremenda baixa e o número de indecisos era o máis olto dos últimos tempos.

A prepoténcia e o reto tornouse nunha autocrítica de raposo atrapado, que agacha a testa e mira de reollo, relambendo a boca, para o galiñeiro, mentres trata de procurar unha saida á sua situación.

Puxo asi en marcha o que poderia definirse como a "estética da negociación", que non é outra táctica que procurar mostrar un afán dialogante pero, logo, á hora de sentar a unha mesa, non ceder nada nas suas posicións.

Na entrevista con Gutiérrez e Redondo (gravada íntegramente) mostrouse non só inflexibel, senón "chulo e borde" en palabras do dirixente de CC.OO.

A intención de non ceder diante dos sindicatos quedou nidiamente clara cando, dous dias despois, o Dia dos Calotes, o Congreso aprobou os orzamentos xerais do Estado, que dan cabida ao Plan de Emprego Xuvenil, e, ao dia seguinte, deulle o visto bo ao novo incremento de pensións, pactado con outras organizacións, pero non con CC.OO. e UGT. Por se esto non fose abondo, no Consello de Ministros do xoves dia 12 está previsto que fixen tamén o salário base inter-profesional, sen que se teñan en conta, tampouco, as reivindicacións sindicais.

Parece, deste xeito, que a posibilidade de acordo entre Governo e sindicatos está cada dia máis lonxe.

Refundar o bipartidismo

Rosa Conde, Portavoz do Governo, anunciou que, de non haber acordo cos sindicatos, seria inevitábel o adianto das eleicións. Cuestión que xa parece decidida por Felipe González e que pode ser aprobada na reunión do comité confederal do PSOE, a celebrar o próximo dia 13. Ainda que, como ocorre sempre, se negue esta posibilidade, o úinco que parece estar en estudo e a data en que se celebrará a consulta.

De momento, o Presidente González, inclínase polo 22 de Marzo.

Situado Fraga Iribarne na presidéncia de AP, despois do congreso a celebrar o 21 de Xaneiro, intentaria que este fose o candidato da direita, coñecedor do "teito Fraga", ao tempo que impedia a reconfiguración do centro dereita, tentaria reeditar o "bipartidismo" para desgastar a CDS e IU, impedindo neste momento que estes pudesen levar adiante as suas extratéxias eleitorais, collidos por sorpresa.

Poderian facelas coincidir tamén cos comícios galegos a fin de ano, ou cos europeus en Xuño, dependendo dos resultados dos estudos que encarregaron tanto PSOE como Governo en relación coa intención de voto.

Con esta convocatória anticipada pretende tamén, a maioria da direción socialista, desfacerse de Nicolás Redondo, quen teria que irse ou pedir o voto para outra organización que non fose o PSOE, algo que nen as bases ceptarian nen N. Redondo estaria disposto a facer.

A convocatória eleitoral antes das autonómicas galegas teria unha clara repercusión na política da nosa comunidade, non só porque M. Fraga se veria obrigado a non concrrer como candidato á Xunta, senón tamén porque o panorma político sofriria dunha clarificación, sobretodo no caso de CG, PNG, ou Centristas de Galicia, que poderia levar consigo, segundo fosen os resultados, novas alianzas en Fonseca.

A.E.

Mandou deter a dous obreiros que traballaban nunha canteira sendo procesado por detención ilegal

O alcalde de O Porriño pretende ter a exclusiva dos montes viciñais

O alcalde de O Porriño X.M. Barros foi procesado polo xulgado de Tui, conxuntamente con dous gardas municipais, por mandar deter a Francisco A. Besada e X. Rodriguez Pumares que traballaban nunha canteira, sen gardar as mínimas garantias legais. Prodúcese asi un enfrentamento máis no contencioso que enfrenta aos viciños de Átios e Budiño co rexidor municipal por mor da titularidade dos montes veciñais en man común.

A orde de deter a dous obreiros que traballaban nunha canteira de Átios, cursada polo alcalde de O Porriño, o aliancista X. M. Barros, supón unha escalada no enfrentamento que o rexidor lourés ven mantendo coas parróquias que posuen montes veciñais.

A detención, considerada ilegal polo xulgado de Tui, polo que Barros Puente vai ser procesado, conxuntamente co xefe e un axente da policia municipal de O Porriño, que executaron a orde, produciuse cando Francisco Ambrosio Besada e X.Rodriguez Pumares traballaban nunha canteira, cuxa licéncia provisional foille concedida ao proprietário pola Xunta provisional do Monte de Átios; ainda que o alcalde pretende enmascarar a sua decisión ilegal afirmando que non existia licéncia municipal e estaban usando explosivos sen autorización, algo que non é competéncia dos governos locais. Tamén intenta potenciar unha candidatura afin para as próximas eleicións da Xunta de Montes, que respalden a sua decisión.

X.M. Barros xunto a A. Pino nun recente encontro deportivo en Porriño

ANXO IGLÉSIAS

Mentres tanto *Hormigones Val Miñor* está a contruir unha factoria, contando coa negativa dos viciños, sen licéncia nen autorización municipal e ninguén paralisa as obras.

Unha longa loita

O orondo mandatário X. M. Barros, capitoste aliancista na província de Pontevedra, xa mandara ás FOP para paralisar a troncha de madeira no monte veciñal de Átios, aprobada tanto pola Comisión de Montes como pola AA.VV. (próxima a AP), mandando levantar madeira, que agora está depositada nunha serraria de O Porriño, e que tiña un valor de 500 mil pesetas. Barros Puente alegaba entre outras cousas que os viciños a vendian para pagar o avogado do seu pleito co concello.

Porque o pleito comezou cando os viciños das diferentes parróquias decidiron, acolléndose á Lei de Montes en Man Comun, pedir a sua catalogación. Xa na vida o anterior alcalde, Gonzalo Ordóñez, os expedientes retrasáronse meses e anos, nunha loita veciñal contra unha burocrácia relantizada polas presións políticas

Despois de numerosas loitas e atrancos foron clasificados como montes veciñais unha parte das posesións comunitárias, "aquelas que non son de canteiras", dise na decisión do xurado de montes, como se fose delimitábel este extremo, quedando fóra tamén do ámbito veciñal os terreos nos que está situado o polígono industrial e a Granxa Louro (haberia que recordar aqui a senténcia xudicial a favor dos viciños de Lérez pola Xunqueira de Pontevedra).

Os alcaldes de O Porriño sempre mostraron un especial interese en que os montes onde se explotan as canteiras sigan en mans dos concellos por máis que un negócio que move máis de 5 mil millóns ao ano só deixe, hoxe, uns 50 nas arcas do concello. Os viciños din que saben as razóns, pero que non se poden dicer en público, pois hai que demostralas. □

Escairón, capital do concello de O Saviñao, adquiriu durante o franquismo sona de centro de inquedanzas culturais e políticas, superior mesmo ao doutras localidades cercanas de maior povoación. Un dos seus propulsores, Xosé Manuel Rodríguez Martínez, é desde as últimas eleicións municipais alcalde da vila, eleito dentro dunha candidatura independente da que é único representante, cos votos de Alianza Popular. O próximo dia 20 unha moción de censura abandeirada polo PSOE, partido que encabezara anteriormente a corporación, e CDS pode pór fin a esta etapa.

A NOSA TERRA

'A moción de censura non se dá por razóns obxectivas senón por presións persoais'

Xosé Manuel Rodríguez

Alcalde de Saviñao

■ M.V.

Xosé Manuel Rodríguez Martínez ten unha ampla experiéncia política ás costas: activista universitário desde o 64, membro da UPG desde o 72, colaborador das CCLL, dinamizador da cultura no Saviñao e concellal eleito polo BNG na primeira corporación democrática, onde o seu apoio permitiria a chegada do PSOE ao poder municipal.

Paga a pena asumir unha responsabilidade cando se está en minoria?

Quizá haxa que engadir algo máis a esa pergunta: non só se se está en minoria, senón se os grupos que te apoian son a direita. Eu governei cos votos de AP e do CDS, que naquel momento eran aliados de AP. No que respeita á pergunta en si, penso que sempre paga a pena. Cada dia os alcaldes teñen máis poder. A ignorância política fai que sexa o alcalde o que capitalice o traballo da equipa de governo. Creo que foi positivo porque ser alcalde dá lugar a coñecer moito mellor os problemas, chegar a todos os lados e traballar todos os dias coa xente. É probábel que políticamente non teña a mesma rentabilidade. As circunstáncias nas que me movin non permitiron medrar organizativamente, pero este tempo pode servir para criar as bases de que iso se poida organizar un pouco máis tarde. Hai que valorar tamén que a xente ten uns esquemas moi ríxidos sobre o que son os partidos e as ideoloxias e unha das cousas positivas do meu paso pola alcaldia é quitarlle ese medo á xente. Hoxe os cidadáns do concello están máis convencidos de que un señor que é do Bloque e que é moi radical é un coma outro calquera e pode facer as cousas igoal ou se acaso mellor porque se entrega máis e é máis honesto.

"Nunca se me pasou pola cabeza ser alcalde"

Podia falar do papel do PSOE desde o seu aceso á alcaldia até hoxe, tendo en conta que, en princípio, seria máis lóxica unha alianza con este partido?

A min nunca se me pasou pola cabeza ser alcalde. Parecíame un absurdo, tendo un só concellal, non chegar a entenderse con xente que teoricamente son progresistas e que ademais tiñan seis membros na corporación. Pero a razón única que houbo para isto é que o PSOE, ao cal lle faltaba un voto para ter a maioria necesária, non fixo absolutamente nada para conseguilo e que teoricamente deberia ser o da candidatura nosa. AP e CDS foron os que se moveron e puxéronse en contacto connosco. Nós puxémoslle unhas condicións moi altas que eles non aceitaron. A nosa intención era non darlle o voto a ninguén e pensabamos que ia governar o PSOE en minoria cos seus próprios votos. A surpresa dérona os de AP e CDS cinco minutos antes do acto de eleición indicándonos que nos votásemos a nós mesmos que eles nos ian dar o voto, e asi fun nomeado alcalde. Unha vez que isto ocorre e que o PSOE perde a alcaldia houbo unha gran surpresa que os tivo inactivos durante unha primeira etapa.

Pero logo pasaron a ser máis agresivos, a facer oposición e sobretodo a utilizar a prensa para tratar de desprestixiarme. Nunca se dirixiron a min como membro da candidatura independente senón como militante do Bloque o mesmo da UPG. Intentaron desestabilizar o governo municipal, primeiro no mes de Febreiro tratando xa de apresentar unha moción de censura, logo chegáronnos a facer proposicións concretas por parte de Ceferino Díaz (o dirixente autonómico socialista é natural do concello) a un membro da nosa candidatura para poder governar o PSOE e que consistia fundamentalmente en tratar de nos convencer de que mentres nós estivésemos na alcaldia a Xunta non ia dar un peso para O Saviñao e de chegar a un acordo a Xunta daria 400 millóns nos primeiros seis meses do ano 89, a condición de que os segundos seis meses governase o PSOE. Nós non aceitamos e eles tentaron de convencer ao membro do CDS, cousa que xa procuraran noutras ocasións, conseguíndoo por fin para apresentar a actual moción. Sobre a actuación do PSOE hai que engadir que nunca tivo unha participación activa na corporación, pésie a que eu desde o primeiro dia lles facilitei esta colaboración.

Xosé Manuel Rodríguez sinala a respeito da actuación socialista que "Ceferino Díaz fixo xestións frutíferas para que non viñese nen un peso máis para O Saviñao do que estaba estabelecido con anterioridade e vai xa normalmente a todos os concellos. Algun Conselleiro como o de Indústria dixo, através de Barreiro, que todo o que viñese para o Saviñao tiña que pasar por Ceferino Díaz. Compromisos firmes do Conselleiro de Cultura quedaron paralizados. Da biblioteca que temos valeira, cos libros empaquetados en Santiago, xa comentou o portavoz do PSOE que se abriria aos tres dias de discutirse a moción de censura. A Escairón veu algun Conselleiro e algun delegado de Lugo e eu non os vin, viñeron sen darmo a coñecer a min como alcalde.

Como se apresenta agora o tema da moción?

Como o primeiro dia, fan falta sete votos para ter maioria e parece ser que chegaron a un acordo PSOE e CDS para conseguilos. O alcalde seria o único concellal do CDS. Hai que anotar que en dazaseis meses de governo nunca tiveramos nengunha discrepáncia o señor do CDS e máis nós e pensamos que non habia nengun motivo obxectivo para que a moción se apresentase. Ten que haber outros motivos e eses non poden ser máis que persoais. A estes que teñen explotacións gadeiras en situación económica bastante crítica, parece ser que se lle ofereceron subvencións moi substanciosas, através da Consellaria de Agricultura, para sacalas adiante. Hai que lembrar que o CDS apresentouse as eleicións en contra do PSOE e convenceu a AP de que era moi positivo que eu fose alcalde.

"Unha lección para o PSOE"

"Creo, engade X.M. Rodríguez, que o PSOE non só quer governar, senón —e este é un dos principais motivos da moción— que ten medo a que eu siga o tempo que falta de lexislatura, de maneira que eles nunca máis voltarian sacar os seis concellais que teñen hoxe". Destaca neste senso a xestión realizada até agora "de maior comunicación cos cidadáns, sen mirar de que partido é cada un, facendo as obras máis necesárias sen se preocupar tanto da galeria, unha proba é que no mes de Novembro o orzamento estaba xa rematado e con todas as obras praticamente feitas. Penso que a xente ia percebendo isto e o PSOE deuse conta, daí as suas presas para apresentar a moción".

En termos máis xerais o até agora alcalde do Saviñao considera que a sua estáncia á cabeza da corporación foi "unha boa lección para o PSOE e un freo á sua prepoténcia". "O PSOE, afirma, é un maior enemigo para o nacionalismo, mesmo que AP". Deste último partido cre que só ten posibilidades "cando se enquista nas estruturas caciquis, pero non sabe facer oposición".

Xosé Manuel Rodríguez, resalta o apoio prestado polo BNG e o feito de que "en función do resultado desta moción de censura, o PSOE pode perder tres ou catro alcaldias nas que governa grácias ao noso apoio". □

¡NORABOA!

A quen precise de axenda:

Noraboa porque por primeira vez en Galicia se produce unha axenda galega coas informacións necesarias para movermonos por este País. Co esquema apropiado para anotar, recordar, planificar. Cos recordatorios das onomásticas e das fases luares. Con grande cantidade de datos culturais. Cunha especial atención ó deseño e ós materiais. Cunha elegante e segura encadernación en símil-pel. Cun tamaño de 24 X 16,5 cm. e máis de 150 páxinas, a un prezo que a convirte en barata. E por suposto en galego.

AGA 1989

ALDEAS SEN ELECTRIFICAR

Hai un ano que fuxiron desta aldea ourensana os derradeiros tres viciños por falta de luz e de estradas

Que foi de Paradiña?

O topónimo "Paradiña" está vencellado ao acougo das viaxes polos vellos camiños de terra, cando ainda non habia ferrocarril nen asfalto. Pero alguns topónimos —a vida mesma— chegan a perder o seu sentido, e en Paradiña, no concello ourensán de Monterrei, aló no corazón da serras centrais de Ourense, non se detén hoxe ninguén porque ninguén os vai receber.

O destino de moitas aldeas da Galiza, a morte dun xeito de vida que periclita coa fin de século, chegou tamén a Paradiña, un povo cheo hoxe de pantasmas daqueles que até hai ben pouco habitaron as suas casas e pisaron as suas ruas.

Ainda quedan nalguns currunchos moreas de guizos para atizar un lume que nunca chegou a arder. Pallas dun poleiro que alimentou mais dunha fame, ou unha vella cama de ferro, testigo —non sempre mudo— dos pulos da vida ou dos seus derradeiros alentos.

Pero a falla de luz, de estradas e de tantos outros servicios, rematou cos folgos dos últimos —héroes— inquilinos da aldea.

A tradición

Os viciños dos arredores —Valdriz, Rebordondo— acudian en tempos a Paradiña a correr o tarangaño, aquela enfermidade dos nenos que a xente atribuia a algun mal de ollo, e que tiña máis a ver, posibelmente, con certo tipo de carências ou coa própria desnutrición.

Paradiña, como tantos outros lugares da Galiza, naceu co asentamento de pastores e agricultores nun lugar abrigado e con pastos abondosos cabo do rio Rubin e perto da zona de minas de Estano e Wolfrámio de Monte Meda, onde moitos homes desta comarca deixaron o mellor fruto das suas mans.

Só chegóu a haber dez viciños, pero as famílias, moi prolificas, tiñan até dez e once fillos, de xeito que a aldea chegou a contar en tempos con médio cento de persoas. Porén, nunca houbo luz, nen estradas, nen escola. A xente saia do povo en "caballería", en carros de vacas ou a pé, e tardaba média hora en chegar a Valdriz ou Rebordondo, aproveitando carrouchos milenários.

A economia e os derradeiros de Paradiña

A vida económica xiraba arredor do auto-consumo. Habia muiño e forno para cocer o pan centeo. Tratábase dunha economia baseada na agricultura e na gandaria, con importantes fatos de ovellas e cabras, que facian da carne de Paradiña unha das máis estimadas dos arredores. Cultivábase o centeo, os productos da horta, e habia froita e castañas en abundáncia.

Os derradeiros viciños de Paradiña abandonaron hai un ano o povo para irense a vivir a Valdriz ou Rebordondo, pero moitos outros colleran hai xa tempo o camiño da emigración, primeiro a Cuba ou ao Brasil, e logo a diferentes paises da Europa. Os tres últimos foron unha señora maior, solteira, e un matrimónio entrado tamén en anos.

A vida fixérase insoportábel por falla de luz e de comunicación, pola soedade e as innumerábeis dificuldades para desenvolver as suas vidas. Pero alguns ainda conservan ali terras nas que prantan algun producto, ou colmeas. E polo verán, outros volven para visitar, durante algunhas horas, as ruinas da que fora a sua vida.

Solicitar a luz

Segundo declarou a ANT o alcalde de Monterrei, Xosé Luis Suárez Conde, ten intención de propor á Corporación que preside, que se solicite a Fenosa a instalación do servício de enerxia eléctrica para Paradiña, coa intención de que alguns viciños que asi o desexen, poidan volver ao povo e refacer as suas vidas. Súarez Conde está convencido que a falla de luz foi o principal motivo do éxodo masivo. Sen embargo, o concello de Monterrei ten outra débeda, non menos importante, con Paradiña, como é arranxar os accesos á localidade, porque de nada valeria que a luz se instalase, se se tarda en percorrer o camiño, catro quilómetros entre a estrada N-525 e Paradiña, case média hora. □

LOIS CASTRO/OURENSE

SÓ NOS QUEDA O SILÉNCIO

MANUEL BLANCO

É posíbel que Paradiña non se atope nen ao norte nen ao sur de ningures. Máis ben estase a esborrallar no corazón do mesmo silénccio.

Non sabemos se compriria un Juan Rulfo para chegar á conclusión de que é "Comala" no concello de Monterrei. Ainda que Paradiña non ten mortos. Quizais esta fose outra das razóns pola que quedou valeira de xente e de domingos. Os mortos de Paradiña siguen vivindo en Rebordondo.

O topónimo é nemigo da sua realidade agora, porque aqui xa non para ninguén. Ao mellor o vento que entra e sae nas casas sen tellado, na soedade que ignora o frio dos invernos.

Denantes, no lugar onde se xuntan as águas de tres regatos, coriase o tarangaño. Nestes dias de Xaneiro, cando o centeo deberia verdegar nas leiras, non queda un meniño sequera para correrlle o tarangaño. Nen vellos, nen fume, nen fusos facendo xirar o tempo, nen ao pan recen saido do torno, nen carrouchos...

Por non quedar nen queda San Paio, patrón do lugar. Até pode ser certo aquelo de que "os deuses morren cando morren os seus adoradores". E San Paio marchou porque seguramente non poderia sofrer a capeliña fria, sen o cheiro a cera e as pregárias.

Rio arriba hai un muiño que xa non moe, pois as pedras albeiras e cinseiras tamén teñen direito ao descanso eterno.

E non cantan os galos, e non chegou o Nadal, traspondo as primeiras neves.

Nas ruinas de Paradiña só crecen a herba e o siléncio. □

■ **O anuncio do Consello Social da Universidade** de repartir as novas titulacións que se van impartir na Universidade Galega entre os distintos campus está a orixinar un enfrentamento localista que ten o ponto máis álxido na puxa protagonizada entre Pontevedra e Lugo pola Escola de Montes; con un alcalde de Ferrol que pretende subirse en globo para lanzar panfletos denunciando a "marxinación da cidade departamental".

A proximidade da eleicións está a encirrar estas disputas nas que se antepoñen intereses partidistas e localistas a criación dun verdadeiro ensino superior ao servicio da nosa comunidade nacional. □

■ **O martes dia 10 máis de douscentos ex-traballadores de Ascón** realizaron un peche de 24 horas nas instalacións do esteleiro de Meira. Os traballadores tomaron a decisión de voltar ás mobilizacións para chamar a atención sobre a situación laboral do colectivo, coincidindo, precisamente coa reunión mantida polos dirixentes sindicais do Metal co Director Xeral de Industria e co de Emprego. □

■ **CXTG e INTG defenderon conxuntamente en Madrid** o conflicto plantexado pola Confederación Xeral de Traballadores contra o convénio da banca privada suscrito o pasado 5 de Maio. A parte demandante solicita a "nulidade radical do convénio por defectos de raiz de procedimento na negociación e firma do mesmo", además de impugnar vários artigos. A senténcia do xuício farase pública no mes de Febreiro. □

■ **O Axuntamento de A Coruña apelou diante da Sala do Contencioso Administrativo** da Audiencia Territorial a senténcia dictada por esta misma Sala que o obrigaba a reducir á metade da superfície prevista na construción do Pazo de Congresos. Esta superfície estaba destinada a uns locais comerciais que xa antes os viciños se opuxeran á sua contrución no solar escollido polo concello. □

MONTAO AO TEU

Consúltanos sobre calquer proxecto de viaxe, podemos axudarte a organizalo.

Algunhas tarifas aéreas a vários pontos do mundo que pode visitar. Non están todos os que son e, ademais, existen sempre várias posibilidades de billetes a cada ponto. Aqui vai unha cativa mostra a xeito de orientación. Todos os précios de ida e volta.

EUROPA

Amsterdam*	29.000 pts.
Atenas*	44.500 pts.
Bruxelas	42.850 pts.
Copenhague	58.350 pts.
Estambul	39.000 pts.
Estocolmo	72.300 pts.
Frankfurt*	37.500 pts.
Xenebra	44.200 pts.
Londres	28.400 pts.
Milán	52.250 pts.
Oslo	70.850 pts.
París*	28.000 pts.
Roma*	30.000 pts.
Venécia	58.900 pts.
Zurich*	29.500 pts.

AMÉRICA

New York*	53.500 pts.
Chicago	83.500 pts.
L. Angeles/S. Francisco	94.500 pts.
Miami	88.400 pts.
Montreal	82.000 pts.
México	104.900 pts.
Guatemala*	126.500 pts.
Kingston	109.900 pts.
La Habana	102.900 pts.
Managua	122.500 pts.
Panamá	121.900 pts.
San Juan/S. Domingo	95.400 pts.
Asunción/B. Aires/Montevideo*	109.000 pts.
Bogotá	125.500 pts.
Caracas*	111.000 pts.
Lima*	124.000 pts.
Rio de Janeiro*	99.000 pts.
Santiago de Chile*	123.000 pts.
São Paulo	102.000 pts.

ÁFRICA*

Abidjan	86.400 pts.
Alxer	23.500 pts.
Bamako	75.400 ptas.
Casablanca	27.400 pts.
Dakar	69.400 pts.
O Cairo	68.000 pts.
Harare	90.000 pts.
Lagos	77.250 pts.
Luanda	112.050 pts.
Marrakech	39.100 pts.
Nairobi	85.000 pts.
Tánxer	19.950 pts.
Túnez	32.900 pts.

ORIENTE*

Amman/Damasco	96.000 pts.
Bangkok	112.000 pts.
Colombo	100.500 pts.
Bombay/Delhi	92.000 pts.
Hong Kong	135.500 pts.
Jakarta	133.500 pts.
Karachi	101.000 pts.
Kathmandú	122.000 pts.
Manila	152.000 pts.
Pekin	144.000 pts.
Tokio	168.000 pts.
Singapur	107.500 pts.

AUSTRÁLIA/OCEANIA*

Auckland	249.000 pts.
Melbourne/Sydney	163.000 pts.

CARNAVAIS EN NEW ORLEANS

Unha viaxe para participar no **Mardi Grass**, os carnavais de New Orleans, a cidade berce do "blues", que neses dias ten unha marcha "delirante e desmadrada". **Data:** 30 de Xaneiro ao 14 de Febreiro. **Précio:** 116.000 Pta.

Nota: As tarifas con asterisco (*) son desde Madrid, o resto con saídas desde A Coruña, Santiago ou Vigo

añosluz
CLUB DE VIAJEROS

Ronda de Sant Pere, 11. 6° 3a. · 08010-Barcelona · Tlf.: 302 50 81
Ledesma, 7. 1° izqda · 48001-Bilbao · Tlfs.: 424 42 65 - 424 22 15
Rodriguez San Pedro, 2. Of. 1202 · 28015-Madrid · Tlfs.: 445 11 45

INSTALACIÓN EN FERROL DA SOCIEDADE ITALIANA DO VIDRO

TRANSNACIONALIZAÇOM, E SUBDESENVOLVIMENTO

JOAQUIM FERNÁNDEZ LEICEAGA

Praticamente o único proxecto com umha mínima concreçom, e que, polo tanto, pode aspirar a ser calificado de logro, na reindustrializaçom da comarca ferrolana a partir da chegada ao Governo da Xunta de Galiza da coaliçom tripartita PSOE-CG-PNG, é o da Sociedade Italiana do Vidro. Por isso tomamo-lo como eixo das nossas reflexons sobre a política industrial autonómica, que, ao igual que a espanhola, convertiu ao fomento dos investimentos das transnacionais na sua característica mais descolhante. Abertura ao mundo por méio do capital transnacional e modernizaçom con quadro europeu funcionam como sinónimos, entre si e dumha política democrática que contempla a superaçom do subdesenvolvimento e a recuperaçom da dignidade nacional como objectivos finais. Argumentaremos contra tais igualaçons abusivas.

I

O proxecto da SIV-Atlántica conta, de acordo coa memória apresentada pola empresa matriz, com traços positivos que obligam a realizar umha avaliaçom global comedida do investimento *em tanto que tal*. Assi, umha criaçom de emprego relativamente quantiosa —380 postos de trabalho— numha zona tam castigada pola reconversom económica, co séquito de lacras sociais imagináveis a aportaçom dumha produçom nom concurrencial coas existentes no tecido industrial galego, e que, consequentemente, acrescenta o património tecnológico e industrial sem afectar a plantas já instaladas sem desnacionalizar parte da indústria autóctona; a vontade de permanéncia e a solvéncia empresarial, pois a SIV é a empresa líder na produçom de vidro para a construçom ou para o mercado do automóvil em Europa Occidental, e está dotada dumha capacidade de renovaçom tecnológica que garante a reproduçom das suas vantages específicas, e dumha estrutura empresarial bem estabelecida para cubrir a área da CEE e ainda zonas periféricas; a ausséncia de repercusons contaminantes de importáncia; possibilidade de milhorar a eficiéncia produtiva dos sectores de procura do vidro laminado que oferece a empresa, etc.

Porem, nem siquera nesta primeira aproximaçom ao proxecto em si devemos esquecer que as maçás mais brilantes levam no seu interior vermes destrutivos. Moitos dos traços positivos que vimos de indicar resultam da fortissima integraçom da planta que se radicará em Ferrol na estrutura global da empresa, descentralizada e com umha fragmentaçom do processo produtivo que permite a especializaçom de cada instalaçom, coas economias subseguintes. Assi, as matérias primas precisas para a produçom das 130 mil toneladas/ano de vidro *float* —aréas silíceas e estanho fundido— serám importadas de plantas que a empresa possue em Bélgica; essa produçom irá fundamentalmente destinada á sua ulterior transformaçom nas instalaçons que a SIV abriu hai poucos anos noutra área em reconversom, Sagunto, estrategicamente situada entre Zaragoza, València e Barcelona (lugares nos que existe presséncia dos construtores automovilísticos que som bós clientes da SIV). Só umha pequena parte do vidro plano será transformado em Ferrol, dando emprego só a 35 trabalhadores, para conseguer 500 mil m²/ano de vidro utilizado na construçom.

A incidéncia sobre a economia galega reduce-se á ocupaçom de terreos e ao pago de salários; umha desenfreada circulaçom de produtos interna á rede corportativa, com escasas saidas ao exterior que estimulen aos sectores de aprovisionamento ou a possíveis utilizadores dos produtos da empresa. Os costos do trabalho reduzidos constituem um dos factores que determinan a localizaçom em Galiza, minimizando o efeito dos pagos salariais no aumento da procura global; ademais, a organizaçom centrípeta da SIV —como de calqueira outra transnacional— genera unha concentraçom do persoal qualificado, técnica e administrativamente, na sé italiana do grupo. A filial galega é o extremo produtivo dum corpo cuja cabeça atopa-se noutra parte. Isto ocasiona umha subalternizaçom da planta ferrolana, com efeitos no baixo nível de qualificaçom da força de trabalho empregada e na quantia do salário méio. A capacitaçom tecnológica colectiva ademais de fragmentária resulta mínima; as rendas criadas baixas. A face oculta da integraçom no entramado transnacional é a subalternizaçom e desintegraçom nacionais.

II

Seria irracional achacar todos os males a conjuras das firmas, tanto como a insuficiéncias por natureza da nossa sociedade. As empresas como a SIV respondem, em funçom dos sés específicos objectivos, ao fluxo de informaçons que a dinámica da economia global suscita. Assi, as flaquezas do aparelho industrial configuram a Galiza, *nolens volens,* como umha área de mercado interindustrial estreito; dificilmente, pois, consideraçons de procura, sem mais, determinarám a radicaçom de empresas que producem bens interméios. O mesmo pode dicer-se a respeito da procura final. Por isso a lógica do benefício leva á exportaçom a Sagunto do vidro *float*. Razóns históricas explicam também por qué nom existe umha indústria de bens de equipamento autóctona, e empresas como a SIV nom tenhem siquera opçom a escolher entre aprovisionar-se no país ou recorrer ás importaçons.

> **"A INCIDÉNCIA DA S.I.V. SOBRE A ECONOMIA GALEGA REDÚCESE Á OCUPAÇOM DE TERREOS E AO PAGO DE SALÁRIOS'**

Todos os dados indicam, em consequéncia, já desde fins dos anos 50, momento em que começa a livertaçom na entrada de capital extrangeiro na economia espanhola e, simultaneamente, um periodo de forte crescimente da mesma, que os investidores foráneos prefirem Madrid ou Catalunya, abandonado á sua triste sorte ás regions excéntricas como Galiza. As multinacionais que optam por vir ao nosso país terám em conta sobre todo as facilidades de comunicaçom marítima com outros portos europeus, ou o acceso a matérias primas específicas, ou, em último termo, as favoráveis condiçons do mercado de trabalho galego. Todo isto sempre dando por suposto a integraçom num mercado espanhol em forte expansom. No caso da SIV atopamos de novo o factor locacional (tanto com Europa Occidental via marítima como com Sagunto, por estrada ou ferrocarril), os costes salariais (será que se considera rematado o processo de quebra da fortaleça moral e política do proletariado ferrolano, de forma que a sua prática industrial de longa data poida ser aproveitado, expurgando-o da tradiçom resistencial que conleva), e como elemento novo, a integraçom política na CEE, que supom a continuidade das liberdades de comércio e de movimento de capitais no plano internacional assi com garantia de estabilidade. A cobertura do mercado espanhol resulta importante, mas a visom é já continental: a SIV razona em termos de déficit de vidro no seu sistema, pensando a escada europeia.

Este dado novo modificará a resistível atracçom que a economia galega ejerce sobre o capital transnacional e permitirá considerar a iste o agente da transformaçom modernizadora, tal e como o discurso oficial quer? E, de nom ser o caso, umha política de incentivos modificará sustancialmente a ecuaçom original? A resposta ha de ser negativa. Em primeiro lugar, a pertenéncia a um Estado evita que as diferenciais de salários academ umha importáncia que condicione a decisom de radicaçom. Ademais, se fosse iste o problema, o vicinho Portugal ejerce umha concurréncia irresistível, para nom falarmos dos paises norteafricanos, primeira periféria comunitária; em segundo lugar, como amosam diversos estudos, a integraçom espanhola na CEE fortaleceu o triángulo Madrid-Irún-Barcelona e converteu a toda a cornisa cantábrica numha área em regresom: cada vez somos mais periféricos a respeito do mercado espanhol —e comunitário—. Se os imperativos de venda e os de costos nom jogam a favor da estratégia oficial de desenvolvimento, unicamente cabe agardar que actuem factores naturais: situaçom geográfica ou disponibilidade de matérias primas ou outras riquezas. De esta forma, os investimentos extrangeiros em primeira tranformaçom da madeira ou o próprio da SIV podem ser explicados.

Duas consideraçons imponhem-se: **1.-** Este tipo de investimentos possuem escasa capacidade de arrastre, num caso pola sua eséncia (aproveitar as coordenadas geográficas interméias entre dous lugares) e no outro pola debilidade da procura galega (um ejemplo nídio: a agroindústria, que ainda contando com bases no país, remata a transformaçom dos produtos ali onde se atopa o cliente), **2.-** Se eram os investimentos previsíveis em ausséncia de incentivos o papel objectivo de istes, é cativo, e o coste de oportunidade dos recursos públicos assi gastados moi elevado. Pensemos que a SIV agarda obter um 74% dos 15.600 milhons de pesetas de 1988 que precisa para por a planta de Ferrol a funcionar baixo a forma de subvençons públicas. No fondo, financia-se a exportaçom de maquinária desde o exterior —a ampliaçom do mercado de outros paises comunitários— e a consecuçom de importantes lucros para a SIV, que dificilmente serán canalizados de novo cara a acumulaçom em Galiza.

As políticas de oferta, máxime num contesto subdesenvolvido, devem ser mais fondas e a longo praço, em vez de se contentar com fazer variar conjunturalmente alguns dos indicadores do mercado; trataria-se de combater o desmantelamento industrial coa reindustrializaçom, para o que se necessitaria nom só umha política agresiva no terreo da infraestrutura —insuficiente— senom, e prioritariamente, elevar a capacidade tecnológica, ámpliar o mercado interno e construir umha base industrial autóctona competitiva; de maneira evidente, a empresa pública haser agente privilegiado, indo da mao dumha transformaçom na gestiom do sector público. Fiquemos no simples enunciado dalguns pontos dum programa progressista e democrático de tranformaçom de Galiza, que renovasse radicalmente as avantagens específicas do pais. Só em condiçons similares a empatia Galiza/transnacionais seria possível, sem por em perigo a nossa sustáncia social e cultural. Mas, seriam desejáveis e úteis?

III

Ainda devemos entom nos interrogar a respeito de se o capital transnacional pode ser um agente útil para a consecuçom de tais propósitos. Afirmamos que de perseguirmos a utopia dumha Galiza mais justa socialmente, democrática e dona de si, com pleno emprego e um nível de renda aceitável, a preponderáncia das transnacionais combate cada um dos fins expostos.

> **'SÓ UNHA PEQUENA PARTE DO VIDRO PLANO SERÁ TRANSFORMADA EM FERROL'**

A concentraçom do poder económico em escasos núcleos, processo concomitante co aumento do tamanho das firmas introduce umha assimetria básica entre os indivíduos, segundo participam ou nom no ejercício de tal poder; ao mesmo tempo, construem-se enormes espaços sociais regidos por relaçons autoritárias: as próprias empresas. As transnacionais reforçam este decurso, acrescentao-lhe dimensons novas. Por ejemplo, ao fragmentar as linhas de produçom em unidades situadas em paises diferentes, complementárias entre si, mas também parcialmente substitutivas —como é o caso da SIV—, estorvam á unidade dos trabalhadores, colocam longe de eles o lugar de toma de decisons e fam-nos entrar em concurréncia —reduplicada pola heterogeneidade nacional—. A construçom dum trabalhador colectivo para si, dotado de unitária conciéncia e de capacidade para o control do processo produtivo, dificulta-se terrivelmente.

Isto possue implicaçons no referente á distribuçom da renda global: as négociaçons salariais e de condiçons de trabalho traducem a relaçom de forças existente, que, grácias á acçom dos mecanismos citados, inclina-se da banda dos patrons —o que tem umha importáncia adicional ao sabermos que som os salários a contribuçom efectiva á renda galega, ademais de pagos por impostos, ocasionada pola preséncia da SIV—. Porque ademais a transnacionalidade desequilibrada assimesmo, e por razons similares ás enunciadas, a balança entre estados naçons e empresas, sobretodo quando o nível de desenvolvimento de aqueis é baixo e a sua política favorábel sem mais á entrada de capital extranjeiro. Isto favorece a adopçom de medidas económicas que recortam o salário social e milhoram as condiçons de actuaçom das firmas. Ponhamos dous ejemplos: a concesom de sabrosos incentivos justifica-se pola necessidade de competir com outras zonas na atracçom de capitais, o que, como actuamos con recursos públicos escasos, significa detracçons desde outras partidas; a política de altos salários e reconquista do mercado interior praticada polo PSF logo da vitória de Miterrand em 1981 chocou imediatamente, entre outras cousas, coa exisséncia de transnacionais que redefiniam as quotas de produçom de cada filial e os lugares de futuros investimentos, saldando-se a experiéncia com umha forte recesom. Em definitiva, a soberania dos estados converte-se em limitada, em esferas económicas e ainda políticas. (Pensemos nos resultados de trasladar as instituçons autonómicas competindo entre si, sem os poderes dum Estado, as análises anteriores]

Nem siquera as transnacionais podem ser defendidas como instrumentos de desenvolvimento económico, de eficácia á escada da sociedade. A história dos paises como Japon ou Corea —além de Singapore ou Hong Kong, meras barriadas do centro na periféria geográfica— frente á dos paises latinoamericanos ensina-nos o fondo de mentira na igualdade transnacionais—progresso. Pois, frente a opinións interessadas, os primeiros (que moitas vezes aparecem como paradigmas que havemos de seguir, o que nom compartimos) estabelecerom férreas políticas nacionalistas de restriçom da entrada de empresas foráneas, concedendo ao Estado um papel decisivo na conduçom da modernizaçom industrial, e esforçándose na construçom dum sistema científico-tecnológico autónomo. Mentras que os segundos, atacados por umha gravissima crise, logo de experimentar superficiais miragres económicas, colocarom no lugar de honor ás empresas transnacionais.

IV

A política industrial espanhola —e, por extensom, a galega— que contempla a entrada de multinacionais como um dos seus eixes centrais, incentivando-a com subvençons quantiosas, revelará-se ineficaz em Galiza, ainda nos seus próprios termos, pola incapacidade para producir um éxodo massivo de capitais que vejam em nós os habitantes dumha nova terra prometida. Mais ainda, o seu éxito seria perjudicial para umha democratizaçom real da sociedade, para contar com maiores quotas de soberania e para superar os subdesenvolvimento. Porém, nom devemos contentar-nos com agardar que fracasse, pois, mentras, empece a andadura de caminhos mais frutíferos e retarda a nossa evoluçom económica, social e política.



A transnacional italiana continua a dar pasos para a sua instalación en Ferrol

A limitación do marisqueo posíbel consecuéncia da S.I.V.

Desde a Revolución industrial que no século XVIII se estendeu por Europa, calquera proceso industrializador veu sempre da conseguinte polémica en torno ás suas consecuéncias contaminantes. Case poderiamos dicer que nos periodos de crise medra o interese pola "criación de riqueza" e pola ubicación de indústrias, mentras que en épocas de desenvolvimento se intensifican as demandas anti-contaminantes e de depuración.

A posíbel ubicación dunha factoria da Sociedade Italiana do Vidro no Concello de Fene, tamén veu rodeada de distintas posicionadamentos en torno ás suas posíbeis consecuéncias ecolóxicas, e desde un primeiro momento a Corporación fenense prestou especial atención a este aspecto, segundo indican os voceiros do grupo governante.

No proxecto industrial que os empresários italianos apresentaron no municipio de Fene, recóllese a intención de realizar un recheo da ria dunha lonxitude mar adentro de corenta metros, co obxectivo de construir un peirao onde se puidese embarcar o vidro plano que se producira nesta factoria. Pero a poucos metros do lugar onde se pensa construir a fábrica, e polo tanto onde a SIV pretende realizar o recheo, diariamente faenan perto de dous mil mariscadores a quen a crise expulsou de diferentes postos de traballo no sector secundário e terciário e que atopan o seu sustento na recollida da ameixa.

O banco das Pias estivera nos anos de florecimento industrial praticamente abandonado e iso provocou, entre outras circunstáncias, unha grande repovoación da ameixa que agora se recolle dia si e dia tamén. Segundo algunhas fontes o marisqueo exerce incluso de "colchón" social contra o paro, e nas épocas en que se levanta a veda descende de forma apreciábel o número de roubos contra a propriedade na comarca de Ferrol.

O informe da Consellaria

Ante a importáncia social do marisqueo na comarca o Concello de Fene demandou da Consellaria de Pesca a realización dun informe sobre as repercusións que o recheo da SIV teria no entorno, informe prévio a calquer licéncia de actuación nese terreo á empresa italiana. As autoridades municipais indican que polo momento só se outorgou licéncia para contruir na parcela segregada por Astano o sempre que a Xunta confirme o seu compromiso de construir unha depuradora que filtraria os vertidos da nova fábrica e de boa parte do termo municipal. O grupo governante en Fene (BNG) non oculta non obstante a sua satisfación polos 135 millóns de pesetas que acedeu a abonar a SIV ás arcas municipais a cámbio da licéncia de obras concedida.

Pero a Consellaria até o momento non emitiu dito informe ainda que todo parece indicar que desde hai vários meses xa foi elaborado e reflexa a prática desaparición do banco marisqueiro das Pias. Fontes oficiosas indican que o aterramento provocaria un cámbio das correntes mariñas e a prática desaparición do banco marisqueiro. Ese informe, xunto co inicio das mobilizacións dos mariscadores poderia estar movendo á Sociedade Italiana do Vidro a buscar outras alternativas que fixesen inecesária a construción do recheo. De feito xa no pasado anos 88 a SIV negociou con Astano a cesión do taller de blocos curvos, situado nunha zona limítrofe coa parcela xa cedida, pero a dirección do estaleiro indicou que non poderia desprenderse do mencionado taller sen un conflito cos seus traballadores, o que fixo inviábel a negociación.

Tamén a comezos do pasado ano o Concello de Fene ofertara á Sociedade Italiana urs terreos alternativos á ubicación prevista na actualidade, xa que naquel momento se alegara por parte dos sindicatos nacionalistas que a cesión da parcela coñecida como a "pradeira" suporia dificultar que Astano volvera construir buques, dado que eses terreos eran utilizados nas épocas douradas para o armacenamento dos blocos. A parcela alternativa ofertada pola Cbrporación estaba situada máis lonxe do banco marisqueo pero fora rexeitada no seu momento pola SIV que argumentara diferéncias de nível a respeito do mar, que encarecerian a construción da factoria.

A selección de persoal

Apesar das dificultades, a empresa transnacional continua o proceso de selección da plantilla da factoria de Fene, ainda que aqui tamén xurden os problemas. Segundo as fontes empresariais, a escasez de titulacións adecuadas vai impedir a cobrición nos Fondos de Promoción de Emprego da oferta inicialmente fixada en 340 excedentes. Agora, os antigos traballadores de Astano empregados na fábrica de vidro, parece que se veran reducidos a 250, e o persoal restante será seleccionado noutras zonas do Estado ou fóra dos FPE.

Os primeiros sesenta e cinco excedentes partirán o próximo dia vintetrés de Xaneiro para realizar un cursiño de formación en Itália, o que xunto coa compra duns locais en Ferrol para a instalación das oficinas provisórias da SIV parecen confirmar as intencións sérias da transnacional de instalar unha factoria na comarca ferrolana. Seria o primeiro proxecto industrial de importáncia que se tranforma en realidade desde o conflito da reconversión naval. □

E. SANFIZ/FERROL



A NOSA HISTÓRIA 5: GALIZA 1953-1975

A partires de 1955 Galiza entra nunha fase de modificación profunda das suas estruturas económicas e culturais. Definitivamente o capitalismo apodérase da formación social do noso país onde un amplo sector económico estivera a resistir os avances dese modo de producción xa dominante habia anos.

A economia agrária deixa de ser de autoconsumo e orienta-se cara o mercado marioritariamente. Na sociedade labrega desaparecen os xornaleiros, moitas das formas comunitárias de produción e aparece a agro-indústria con asalariados; un sector de labregos converten-se en agricultores mecanizados; outro emigra, converténdo-se os anos 50 e 60 anos de maior emigración galega só equiparábeis aos catro primeiros lustros deste século...
GALIZA: 1953-1975

Á VENDA

NO SEU

QUIOSQUE



FRAGMENTOS DO DIÁRIO DE UM IRRESPONSÁVEL

CLÁUDIO LÓPEZ GARRIDO

14 DE DECEMBRO

A porta-voz do seu amo, em pleno uso do seu 25%, advirteu materialmente dos perigos de jogar com lume e recordou que frente ao direito de folga existe o de ir trabalhar. Entretanto, os papagaios pasarom a semana repetendo no poleiro: injustificada, irresponsável, desproporcionada, irresponsável, desproporcionada, injustificada... nunca foi melhor a economia. Agora que imos presidir a CEE, qué diram em Europa?

Ceos ¡E nos com estos pelos!
Dim todos na bodeguilha
Mentras numha barra de gelo
fai números o Beneguilhas.
(Recolhido em Cangas)

Releio a Bertol Brecht.
Os fartos falam aos famentos
dos grandes tempos que virám
Os que levam a naçom ao abismo
afirman que governar é demasiado dificil
para o home singel

12 DE DEZEMBRO

Em Mabegondo, umha notificaçom oficial comunica que, o dia 14, o control da asinatura de entrada se fará às 10 e às 12 da manhá, em vez de as 8.

Num Centro de Investigaçom, a folga é umha arma inservível. O único que se resinte é um trabalho que só o seu autor apreça. Um dia de retraso pode significar meses de demora na realizaçom de um projecto. No caso de meritórios, becários, contratados e interinos, nos que o esprito crítico, pode resultar factor de exclusom futura, a idefensom é total. Por iso dim que a investigaçom é umha actividade vocacional.

Contaron-me que na Universidade, outro santuário da racionalidade e da ciência, os profesores tiverom que declarar por escrito a sua nom participaçom nunha folga pasada. O siléncio entenderia-se como resposta afirmativa. Velai a conceiçom post-moderna da presunçom de inocéncia.

Dim alguns becários que asumen as reivindicaçons da folga; pero, apremiados pola urgéncia da próxima apresentaçom das suas teses, virám trabalhar o 14-D, mais non asinarám o control de entrada. Tal actitude ja foi adoptada anteriormente em circunstáncias parecidas e, se mal non recordo, mesmo por algum dos actuais responsáveis da Conselharia de Agricultura.

Que pasará o 14? Será como o Referendum da NATO? Haveria que difundir a obra de Brecht.

Nom te deixes convencer!
Comprova-o ti mesmo!
O que nom sabes por ti,
nom o sabes.
Repasa a conta
ti tes que paga-la.
Aponta com o dedo a cada cousa
e pergunta: "E isto, de qué?"

13 DE DEZEMBRO

Nova notificaçom oficial retificando a anterior. Quem nom venha trabalhar o 14-D, pode comunica-lo telefónicamente ese mesmo dia antes das 3 da tarde, para que se lhe considere dia de descanso remunerado. Nom se precisa muita sagacidade para entender o objectivo da medida. O importante nom é a quantia das perdas, Beneguilhas, senom as cifras oficiais de participaçom no paro.

Apenas hai cartazes na rua convocando á folga. Deixariam-nos para as eleiçons. Numha parede vim escrito: *Esquirol que veja, esquirol que mato*. Estivem tentado de debaixo o poema de Bertolt:

Os velhos livros explicam a sabiduria:
afastar-se das loitas do mundo e transcorrer
sem desasosego o noso breve tempo.
Libertar-se da violéncia,
dar bem por mal,
nom satisfazer os desejos e mesmo
esquece-los: Tal é a sabiduria.
Mais eu nom podo fazer nada de iso:
verdadeiramente, vivo em tempos sombrios.

"O IMPORTANTE NOM ERA A QUANTIA DAS PERDAS, SENOM AS CIFRAS OFICIAIS DE PARTICIPAÇOM NO PARO'

14 DE DEZEMBRO

Hurra! Hurra! Hurra! Tomaron polo saco!Somos desproporcionadamente irresponsáveis.

Os representantes do Povo dando mostras de **distanciamento brechtiano** acudirom hoje ao Parlamento para seguir o seu paro indefinido.

Tivemos muitos senhores
tivemos hienas e tigres,
tivemos águias e porcos.
E a todos alimentamos.

Melhores ou peores, era o mesmo:
a bota que nos pisa é sempre bota.
Ja entendedes o que quero dizer:
nom mudar de senhores, senom nom ter nemgum.

15 DE DEZEMBRO

Onte nom houvo transporte oficial. A maioria da gente acudiu ao trabalho polos seus próprios meios ou chamou por teléfono.

Os becários actuarom como pensavam, mais alertada a autoridade competente da falta de constáncia registal da sua presença, chamounos ao ordem: Ou asinavam o abandoavam o centro.

Nom existia o direito a ir-trabalhar? Nom fixerom eles o mesmo, quando nom quentavam a poltrona? Este detalhe é o de menos. Tamen Paco Vázquez encabeçou a manifestaçom da primeira folga geral de Ferrol e dirigiu umha inflamada arenga aos obreiros no estadio Manuel Rivera, e agora paga um bando com fundos públicos — nom os deveriamos chamar caixa de resistencia?— para condear a folga. Os desígnios do Altísimo som inexcrutáveis, Bertoldo.

Ti que eres um dirigente, nom esqueças
que o és porque duvidaches dos dirigentes
Permite, por tanto, aos dirigidos
duvidar.

A autoridade competente asegura que actuou conforme a Direito. Haverá que concluir que ou a lei é tam lasa que permite que a sua aplicaçom poida moldar-se a gosto do Executivo de turno, ou os legisladores tenhem as neuronas alojadas por debaixo dos raquis.

(Arfonzo: de tanto deci que er que ze mueva no zale en la foto, ze lez ha queao la mano tonta.)

16 DE DEZEMBRO

Comento o acontecido com funcionários que nom secundarom o paro (pero que sempre se queijam de que os sindicatos nom os defendem) e descubro que consideram correcta a decisom da direcçom: "Puiderom programar o trabalho com um mes de antelaçom. Hai que ser coerentes. Se está em folga ou non se está". Queda-me a dúvida de se os que levarom o trabalho para casa forom coerentes. Parménides segue vigente: "O ser é, o nom ser nom é. Nom é posível que o ser e o nom ser sejam e nom sejam ao mesmo tempo".

Na Funçom Pública como na Mili, o sábio é manter-se sempre dentro da manada e nom asomar nunca a orelha. O funcionamento é idéntico: As consignas da superioridade circulam jerárquicamente. A medida que avanzam através da cadeia de mando vam sofrendo modificaçons, para a sua maior eficácia, até se converter em "delirium tremens". Asi, um arroto do Governo Espánhol, recebe-o a Junta como umha ventosidade em plenos fucinhos e transmite-o aos cárregos administrativos como umha deposiçom que estos deitam, sobre os que ocupam os rangos inferiores do escalafom, como auténtica disenteria.

Estou convencido que no asunto do *Cason* e mais tarde no suceso de Alumina-Alumínio esa foi a seqüência oculta dos acontecimentos.

O alto mando goça do privilégio de enmenda. Umha frase amável e umha piscadela significativa na TV som suficientes para contentar á plebe. Os mandos inferiores carecem de esta prerrogativa, mais disponhem da coartada da obediência debida. ("Franco nom era o mau, senom os que o arrodeavam")

Os destinatários da ordem nunca contam, nem sequer nas democrácias formais. Nestas, procura-se, através de um proceso pauloviano que o cidadam interiorize a obrigatoriedade moral da sua colaboraçom na aplicaçom da norma, e dizer, que engendre um guarda civil interior.

Conclusom: A concienciaçom política consiste em provocar o nascimento de um piquete, tamen interior.

Os jornais dam contas de inquéritos que demostran que celebrar- se eleiçons, o Governo obteria umha maioria absoluta, se cabe, maior que a actual.

General, o home é mui útil.
Pode voar e pode matar.
Pero tem um defeito:
pode pensar.

Pode realmente, B.B.? O **Verfremdungseffek** nom te distanciaria da realidade?

17 DE DEZEMBRO

As centrais sindicais nom acudirám á Moncloa. Os obreiros som mui tradicionais e nom gostam dos "ménage à trois". Governo e patronal poderám falar de amor na intimidade.

Os de arriba
reunirom-se numha sala.
Home da rua:
Abandoa toda esperança.

Chovem análises da folga. A intelectualidade oficial autora de um escrito em contra de ela, conclue, com o ministro de Cultura à cabeça, que o paro foi festivo e dominicalmente lúdico, é dizer, que nom existiu. Todo foi um simples e agarimoso tirom de orelhas ao Governo. Agora que pasou o que nom acreditarom que pasara, lamentam que tenha pasado e falam de necessidade de tomar medidas para que nom volte a pasar. Que bem nos entedem!

Otia! Otia! Vaia idem, senhol de plesleyl! Que sigam interpretando, Vertolt.

Amostramos a ignomínia que hoje manca á nosa Terra.
Mais nengum de nós ficará aqui.
A última palavra ainda está por dizer.



'Hoxe con organiz
pódese consegui

Manuel M

Secretário Xeral da

Bon conversador, desprendido do esquematismo característico de tantos políticos, detenta a capacidade de ensarillar o dato macroeconómico coa reivindicación pontoal, de modo parello a como a sua preocupación pola história non impede que esteña sempre disposto a reclamar para a central a última mellora tecnolóxica. Home estudoso e ben informado prefire reivindicar a sua orixe rural, o seu decisivo paso pola emigración arxentina e a sua traxectória dun xa longo compromiso estudantil, obreiro e político.

■ M.V.

Cunha orixe rural e modesta, de moi neno emigrou á Arxentina coa sua família. "Fumos no último ou penúltimo barco que cargaba uns 500 galegos en cada unha das suas duas adegas. Nunha ian os homes e na outra as mulleres e os nenos. A emigración foi algo lacerante durante moitos anos, a miña família sofreu todo isto. Os meus pais sempre loitaron por voltar á Galiza e cando podian facelo, vintecinco anos despois, encontráronse con que xa tiñan netos alá. A morriña do emigrado non é máis que angúria e desesperación por non poder facer algo que quer".

Non perdeu o galego até os tres anos de estar en terras de Arxentca e aos quince voltou por primeira vez a Galiza, o que recorda coma o maior impacto desa épo-

XAN CARBALLA

rganización e forzas sociais fortes
nseguir moito'
l Mera
al da INTG

ca. Definitivamente non voltaria até o 72, xa con 27 anos. Entre tanto, a conciéncia de galeguidade que ia adquirindo —os galegos eramos un colectivo marxinado socialmente— e que o levaria a formar parte activa de entidades como a Irmandade Galega, involucrariao tamén cada vez máis na militáncia estudantil e política da própria Arxentina. Desta época son multitude de experiéncias das que sacaria non poucas ensinanzas chegado á Galiza.

A sua volta, en contacto xa coa UPG, estaba chea de esperanza "Agora recoñezo que estas espectativas víronse en parte frustradas. O país non estaba na situación na que alguns alá nolo querian facer ver".

Fundador de ERGA, traballaria logo en distintas empresas: Planosa, Finsa, contratas de Bazán, na construción, que lle farian merecedor durante certo tempo do apelativo de "Fábricas", quizá por contraste cun nacionalismo que tiña as suas orixes maiormente na universidade ou noutros sectores. "Sempre estiven ligado aos conflictos laborais e sociais, aló onde me encontrei. A teoria ten que ir ligada aos interesados. Ainda que por suposto eu nunca reducin isto aos obreiros. Creo que hai na Galiza un sector crucial e marxinado que é o agrícola. Os asalariados teñen un deber co mundo rural, son fillos del e moitos forman ainda parte, compaxinando o seu traballo coas faenas agrícolas. Creo que os traballadores galegos non poden facer o que fai a clase poseedora que refuga do mundo rural, deben sumar as suas reivindicacións".

Unha loita por etapas

A fluidez da conversa, condúcenos ao momento actual, máis complexo se cabe que outros. "Nesta etapa, con organización e forzas sociais fortes pódese conseguir moito. Os cámbios son sempre por etapas non de golpe. Ainda que se pode dar o caso de que o traballo realizado dé os seus froitos por xunto nun momento concreto. Entre a situación actual e a Soberania Nacional non hai unha única etapa, porque iso quereria dicer que se poderia saltar directamente. Unha organización debe diferenciar entre as suas aspiracións e o que debe facer, ainda que faga o máximo posibel. Unhas organizacións fortes pódennos permitir neste momento millorar as condicións da clase traballadora e correxir o papel que desempeña actualmente, marxinada de todos os centros de poder, asi como ampliar a capacidade de governo da Xunta, mesmo forzar, nesta fase, un estado federal".

'O ÉNFASE HOXE DEBE ESTAR NA AFIRMACIÓN NACIONAL'

'ENTRE A SITUACIÓN ACTUAL E A SOBERANIA NACIONAL NON HAI UNHA ÚNICA ETAPA'

"Galiza, continua Manuel Mera, posee unhas características específicas: ten unha opresión de moitos anos, está ao carón da metrópole e a ocupación colonial non é militar, como en tantos paises do terceiro mundo, senón económica e mental. A colonización exterior foi interiorizada por moitos galegos, isto explica por exemplo a disociación que existe á hora de reivindicar e á hora de votar, por iso se fai necesária unha etapa prévia de concienciación e afirmación nacional, con formas de traballo moi pedagóxicas que poñan o énfase en convencer. A nosa situación logo é de acumulación de forzas, moi distinta por exemplo á de Catalunya ou Euskadi onde superaron xa esta fase, de aí que non servan de nada os mimetismos.

Isto repercute no papel dos sindicatos na Galiza que deben converterse en foros de concienciación nacionalista, engadida ao seu papel natural reivindicativo, de clase e movilizador".

Que valoración fai, logo da sua experiéncia, das relacións partido/sindicato?

Un sindicato non pode estar desligado da situación política, nen do proxecto xeral, pero é moito máis amplo que os matices tácticos ou estratéxicos que poida ter un partido. Ademais convén falar de proxecto porque nel pode haber vários partidos coincidentes e con determinadas diferéncias. Aqui, ate hai pouco, partido e sindicato estiveron unidos dunha forma mecánica, consecuéncia quizá de que arredor da UPG foi nacendo todo o nacionalismo. Os anos demostraron logo que non se pode identificar proxecto político-partido-sindicato e que o sindicato debe ser moito máis amplo, cun ideário nacionalista e de clase que comprenda a todas as tendéncias que se dan no seo do nacionalismo. Ás veces máis que ter a maioria mecánica ou crerse que un ten a razón e máis importante chegar a acordos sobre o que hai que facer en cada momento. As minorias poden ter un valor cualitativo ainda que non o teñan en número.

O marco laboral galego

Para Manuel Mera o panorama laboral desenvólvese hoxe en tres marcos diferenciados: o galego, o estatal e o europeo, "que non podemos negar, a cuestión está en onde poñemos o énfase. O marco galego que pedimos xa existe nunha importante medida na práctica, existe na negociación colectiva que se desenvolve en Galiza, na acción sindical, estase a montar o Consello Galego de Relacións Laborais etc., o que esiximos é que sexa a referéncia a todos os niveis".

'A UNIDADE DO SINDICALISMO NACIONALISTA NON É UN PROBLEMA DE OPORTUNISMO SENÓN DE CAPACIDADE OPERATIVA'

"O marco galego é un problema fundamental para os traballadores, sinala, porque mentres nós tratamos de que a negociación se achegue aos traballadores, CCOO ou UGT de Galiza priorizan a negociación estatal. E non é cuestión de que estas centrais sexan boas ou más, senón de que están perxudicando a Galiza, se o marco de referéncia é estatal, os galegos somos o 5 por cento dos asalariados, isto quer dicer que nós non imos piar, poderán facelo os andaluces que teñen o 17 por cento ou os madrileños ou os cataláns. Un marco galego permitiria que nós diseñásemos a negociación e tivesemos a última palabra sobre os nosos problemas prácticos, ainda que estivese afectado polas directrices do estado. Por outra parte deberemos ter unha estratéxia sobre os outros marcos, o estatal —importante pola capacidade de emitir leis que condicionan todo o mundo laboral— e o europeu; unha estratéxia coa cabeza na Galiza, para que non pesen máis os intereses do estado".

Como valora a folga do 14-D?

As razóns da folga na Galiza non foron as mesmas. Comecemos por observar que aqui os asalariados só significan o 50 por cento da povoación activa, mentres que no estado representan o 80 por cento, o peso do mundo rural (onde se dá o subemprego e a precariedade que noutras zonas van vencellados á indústria) etc, sen embargo a participación foi igoal. Na Galiza, ademais das reivindicacións xustas que se deron en todo o estado, protestouse contra a discriminación, como recoñeceu moita xente, non só nós. Cérrannos as indústrias, discrimínannos na criación de infraestructuras e deixannos á marxe de todo o desenrolo tecnóloxico, traendo unicamente algunhas das indústrias contaminantes que non queren en nengun pais da CEE. Na Galiza o paro está ao nivel das zonas máis altas do estado, pero tendo en conta que a povoación asalariada só é o 50 por cento. Aquí parou o pequeno comércio e outros sectores que non están directamente afectados polo que se reivindicaba a nivel estatal.

"O gran reto agora, engade, e se os sindicatos estatais entenderon que é o que se reividicaba en Galiza, sen quitar importáncia ás reivindicacións de todo o estado. O importante neste momento seria que nos puxésemos de acordo sobre catro ou cinco pontos concretos para reivindicar ante a Xunta de Galiza: investimentos públicos, cooperativismo, protección ao emprego etc. Sobre isto teñen que definirse as bases e os dirixentes deses sindicatos españois, pero que son galegos e que non poden esquecer que o seu futuro e o das suas famílias se plasma aqui non en Madrid"

Unha última ensinanza do 14-D seria, segundo o Secretário Xeral da INTG, a "consagración por certo tempo da unidade de acción entre UGT e CCOO e iso coloca ao sindicalismo estatal con maior potencial, a menos que o sindicalismo nacionalista conte con capacidade operativa abondo e iso só se pode lograr coa unidade. Non é un problema logo de oportunismo ou do 15 por cento, senón de aumentar esa capacidade e criar unha iniciativa própria para ser capaces de arrastrar ou arrincoar ao sindicalismo estatal senón comprende as reivindicacións especificas de Galiza, que están claras para todo o mundo non só para nós. As movilizacións nacionalistas do 14-D demostraron xa esta forza". □

'O nacionalismo galego aséntase nos traballadores'

A que atribue, sen embargo, o feito de que o sindicalismo nacionalista sexa na Galiza máis importante que noutras nacións do estado?

Contra o que din alguns de que o nacionalismo na Galiza está sustentado na pequena burguesia e nos sectores intelectuais, eu creo que a prática social demostra o contrário. Por cada intelectual que se suma ás reivindicacións sociais hai tres ou catro que apoian ao sistema, fóra de que haxa intelectuais nacionalistas de moito maior prestíxio, porque un intelectual que non quer transmitir a realidade social acaba por ser un mal intelectual. O peso do nacionalismo nos sectores máis desposuidos implica que o peso sindical sexa maior que os votos dos partidos nacionalistas. Isto é fidel reflexo da realidade social e económica do país. A nosa opresión nacional está fondamente ligada á opresión popular, á marxinación dos traballadores. Noutros lugares non é asi, se cadra o nacionalismo en Catalunya é á inversa. Hai que ver tamén a história, o galego como idioma sobreviveu durante séculos porque o falaban os sectores populares. Os emigrantes fundaron por todo o mundo centros galegos, non españois, e isto non foi por influéncia de intelectuais galeguistas que houbese en cada lugar, senón porque existia identidade galega, ainda que fose moi primária, entre os miles de emigrantes que vivian en condicións marxinais. □

TRIBUNA

A DECADÉNCIA HEXEMÓNICA DOS ESTADOS UNIDOS

JAMES F. PETRAS/MORRIS H. MORLEY

A partir da derradeira década do século dezanove, non hai avance do capital norte-americano no mundo que non veña acompañado dunha intervención do estado imperial, sexa para a iniciación, expansión ou manobra ou sexa para supervivéncia deste capital dentro dos estados en que operaba.

O estado imperial norte-americano está definido polos estamentos executivos e polos distintos departamentos que asumen o labor de fomentar ou protexer a expansión do capital desde os cuarteis xerais das multinacionais e por riba de fronteiras. O estado imperial exerce duas acciónS coercitivas principais que son a económica e a política. No decurso dos anos 1959 e 1960, por exemplo, desenvolveu unha agresiva política de sancións económicas contra a revolución cubana. Tais presións externas acumulativas serviron en parte para sentar as bases dunha intervención militar indirecta en abril de 1961, co obxectivo de repoñer na illa a orde económica capitalista.

ORGANIZACIÓN MILITAR E INVESTIMENTOS

A expansión dos consórcios financeiros norte-americanos polo mundo non se pode comprender sen o crecimento do estado imperial. O aparato de estado imperial nos anos que seguen á II Guerra Mundial medrou máis rapidamente que o capital empresarial dos Estados Unidos. Mentres a iniciativas privada tomaba posicións nos mercados mundiais despois do ano 1945, as tramas e alianzas que tecia o estado, asi como os investimentos públicos, baixo a forma de axudas, foron pasos sen os que non se pode entender a progresión posterior da iniciativa privada. Hai analistas que consideran este sobrecrecimento do gasto público e das actividades estatais non renumerativas coma unha demostración de que o estado non se pode adxectivar de imperial. A importáncia que naqueles anos tiña a organización militar e os investimentos estratéxicos permitiron a estes críticos considerar que estaban perante feitos explicábeis por si mesmos e á marxe da expansión económica imperialista. Razóns de **seguridade nacional** ou simples **imperativos da organización burocrática** explicaban estes investimentos. Con todo, non seria preciso que corresen moitos anos para que os investimentos militares quedasen pequenos de par do crecimento dos investimentos e gaños do capital privado. Este novo fenómeno seria recibido por outras voces coma unha demostración da autonomia do capital trans-nacional, sen teren conta do papel fundamental do estado para asegurar e protexer o espácio no que desenvolver o capital trans-nacional.

Porque o desenvolvimento e incidéncia do estado imperial é obviamente asunto central para todo país capitalista que teña como fito facerse cunha parte importante do mercado mundial. Non hai país que co apoio exclusivo da iniciativa privada ou das forzas espontáneas da economia de mercado poda devir actor principal da economia mundial. O abano de actividades que acompañan o exercício do intercámbio capitalista privado (financiación, investigación, compromisos contraactuais etc.) dependen da existéncia dun estado imperial. Pero se é certo que non hai país capitalista que se explique sen estado imperial que lle facilite a sua expansión na economia mundial, compre precisar que non todos os estados imperiais son semellantes.

COMPETÉNCIA DO XAPON E DA ALEMAÑA

Para entender a posición dun país ten fundamental importáncia a forma e funcionamento do seu estado. A diferéncia fundamental descansa precisamente sobre a prelación do aspecto económico ou do militar. Estamos a presenciar a decadéncia do império norte-americano por unha série de razóns que teñen relación directa co funcionamento interno do estado. A desproporcionada importáncia que teñen

os asentamentos de xestión económica dos estados imperialistas alemán e xaponés son unha das explicacións da decadéncia hexemónica dos Estados Unidos e da incapacidade do seu estado para asistir os investimentos do seu capital privado. A preocupación principal dos Estados Unidos é atender ao plano militar-ideolóxico do seu estado e apagar a insurxéncia revoucionária no Terceiro Mundo. No primeiro foi no Viet-Nam e agora en Cenro-América, en Suláfrica, no sul da Ásia e no Oriente Próximo. Este labor afortalou os compoñentes ideolóxicos e militares do estado Imperial e Washington estragou nel a capacidade que lle compria para se re-estruturar e volver a conseguir competitividade e poder económico nun momento en que a competéncia dos seus principais aliados, Xapón e Alemaña Occidental e os novos estados industriais de Corea do Sul e Hong Kong é cada dia máis importante.

> 'NON HAI PAÍS QUE CO APOIO EXCLUSIVO DA INICIATIVA PRIVADA OU DAS FORZAS ESPONTÁNEAS DA ECONOMIA DE MERCADO PODA DEVIR ACTOR PRINCIPAL DA ECONOMIA MUNDIAL'

Partindo de que o principal desafio para a dominación imperial norte-americana ven da competéncia dos paises capitalistas avanzados, e non do Terceiro Mundo, tentaremos analisar os estados imperiais respectivos e as diferentes relacións clase-estado. A importáncia dun país dentro da economia mundial depende do papel estratéxico dos elementos económicos do estado imperial. Ou para sermos máis precisos, da profunda relación estrutural entre os estamentos especializados na xestión económica imperial e o capital. Os estados imperiais xaponés e alemán funcionan básicamente como estruturas de xestión nas que unha parte fundamental do personal empregado adica a sua atención aos temas económicos e ás funcións parellas que benefícian á expansións do capital. Pola contra, o estado imperial norte-americano é unha máquina que coloca en primeiro plano o seu estamento político-ideolóxico-militar e de información estratéxica, sen que o fomento, acumulación ou expansión do seu capital en todo o mundo figure entre o seus principais obxectivos.

ESTRATÉXIA DE CONFRONTACIÓN

As distáncias entre Norte-América e os seus competidores dentro da área capitalista agrándanse a partir da guerra do Viet-Nam. Agás no periodo de distensións de comenzos do 70, os Estados Unidos non deixaron de extender a sua máquina militar e a axéncia responsábel da economia. Os esforzos da presidéncia Reagan por volver as tornas deste proceso a médio dunha estratéxia global de confrontación militar e terrorismo é a confirmación máis rechamante desta afirmación. En termos de investimentos de personal e instalacións, o Pentágono e a Axéncia Central de Espionaxe *(Central Intelligence Agency)*, ou CIA nas suas siglas inglesas) superan con moito todo o que o estado imperial gastou nos departamentos relacionados coa economia e o comércio desde os derradeiros meses da presidéncia Carter.

Contrasta con esta situación o carácter case exclusivamente económico do estado imperial xaponés. Nos últimos vintecinco anos os intereses financeiros do estado asiático exerceron un protagonismo decisivo na definición da política interior e exterior. O nexo desta relación privilexiada foi o Partido Liberal Democrático e o seu peso dentro da burocrácia do Estado. Unha das formas preferidas pola diplomácia xaponesa foron nestes anos as delegacións de carácter económico constituidas conxuntamente por representantes da xerarquia do Estado e por empresários. Dentro do estado imperial xaponés, un alto número de empregados do servício exterior están destinados á representación económica. A meados dos anos 70, sobre un total de dez mil empregados sete mil estaban adscritos a estas axéncias.

Esta realidade convértese nunha preocupación para o governo de Washington desde meados da década dos 70. A Casa Branca e o Departamento de Estado esixiron aos estados imperiais aliados, e ao Xapón e á Alemaña Federal en primeiro termo, que adicasen máis orzamento aos seus respectivos exércitos e pagasen unha parte maior dos custes militares do mantimentos do sistema imperial capitalista. Esta presión sobre os sócios da OTAN e Xapón acadou o seu momento crítico durante os primeiros anos da administración Reagan. Como proclamaba o Secretário de Defensa Weinberger en Marzo de 1981: "É fundamental que poñamos a punto unha *división de funcións* máis racional para que os asinantes da OTAN e o Xapón aumenten a sua contribución para a defesa mútua. Pero estes esforzos non deron resultado. No 1987 o gasto militar do Estados Unidos equivale a un 6.7 por centro do Producto Nacional Bruto (PNB), mentres que nos casos de o Xapón e a Alemaña Federal só chegban respeitivamente a 2,5 e 1 por cento.

PRODUCIR DIÑEIRO

Con todo, un debate de trascendéncia histórica, como teria de ser o da transferéncia de recursos militares para os departamentos estatais de xestión económica, non se daria realizado. Duas son as razóns polas que isto non aconteceu. A primeira é que na metade e no final da década de 1970, unha riola de movimentos revolucionários cambiaron a dependéncia de vários países. Tal foi o caso da Angola, Etiopia, Zimbawe, Moçambique, Irán e Nicarágua que deixaron de ser clientes estratéxicos dos Estados Unidos. O estado imperial careceu dunha dirección política capaz de incluir estas perdas nun contexto estrutural e histórico másI amplo. Pola contra, tanto Carter como Reagan puxeron a funcionar as engranaxes burocrático-político-ideolóxicas para reconstituir e expandir seguidamente os compoñentes militares do estado imperial. A segunda razón foi o cámbio operado na própria natureza do capital Norte-americano durante a década dos 70. Un desenvolvimento nunca vista da actividade especulativa e financeira tranformou estructuralmente a economía interna no que Paul Sweezy e Harry Magdoff alcumaron coma un sistema no que **producir diñeiro** xa era moito máis importante que producir **bens materiais.**

> 'A PREOCUPACIÓN PRINCIPAL DOS EEUU É ATENDER AO PLANO MILITAR-IDEOLÓXICO DO SEU ESTADO E APAGAR A INSURXÉNCIA MILITAR NO TERCEIRO MUNDO'

O agravamento á crise producida pola débeda internacional e a recesión económica de comezos dos 80 puxo de novo sobre a mesa a necesidade de potenciar a frente económica. Pero os critérios do bloque ideolóxico-político prevaleceron sobre os intereses comerciais co que se confirmaba a tendéncia a perder mercados exteriores. Entre 1981 e 1986, por exemplo, o valor das exportacións norte-americanas aos países Latino-Americanos coa débedea externa máis alta, caeu de 320.000 millóns de dólares a 220.000. No entanto, Alemaña Federal e Xapón aproveitaban a sua eficiente coordenación entre o Estado e os intereses económicos e comerciais para ocupar espácios que antes foran da exclusiva competéncia dos Estados Unidos. No 1950 os Estados Unidos tiñan control sobre o corenta por cen dos productos e servícios do mundo mentres a Alemaña Federal e Xapón só participaban co 22 por cen. Pero no ano 80 estas cifras cambiaron para 23 e 29 por cen, en favor dos dous paises que antes figuraban en inferioridade. O avanzo do Xapón, sobretodo nos 80 é espectacular. O Xapón xa adiantou aos Estados Unidos no referente a produción de semi-conductores e agora mesmo é fornecedor insustituíbel de compoñentes electrónicos básicos para a fabricación de armamento nos Estados Unidos. Hai dez anos, Xapón tiña un 25 por cen do mercado mundial de semiconductores e os Estados Unidos un 60; hoxe, Estados Unidos ten un 40 e Xapón un 45.

CONTRA A REPRODUCIÓN DO CAPITAL

Hoxendia o aparato do estado imperial é un atranco antes que un instrumento eficiente para a expansión do capital. Considerado en estrictos termos dunha relación custe-beneficio, a parte de orzamento adicada a soster unha estrutura militar sobre-dimensionada, é moito máis importante que as oportunidades económicas que pode producir. Os números negativos da balanza de pagos, cunha débeda de máis de 2 billóns de dólares no ano 86, como consecuéncia duns gastos militares disparados, liberaron forzas económicas de longo alcance que operan contra a própria reprodución do capital. Por exemplo en Centro-América, onde a bancarrota dos mercados é cada dia máis pronunciada e vai acompañada coa fuga de capitais sen que se albisquen no horizonte posibilidades de recuperación. Pero a preocupación da administración Reagan foi investir tempo, atención e recursos financeiros e soster governos militares e movimentos armados contra-revolucionários no Terceiro Mundo. En Centro-América gastaron máis de 10.000 millóns de dólares en manter unha base en Honduras e pagar a Contra; a axuda á guerrilla afgana custou entre 1984 e 1986 case 900 millóns de dólares; a Jonas Savimbi entregáronlle centos de míseis *Stinger* e millóns de dólares para que derrubase o governo da Angola. Washington gastou millóns de dólares en manter aberto un tránsito de petróleo que probabelmente benefícia a Xapón máis que nengun outro país. O irónico de todo isto é que os promotores do mercado libre (a administración Reagan) non se benefícien do proceso de apertura de mercados acontecido en todo o Terceiro Mundo e no bloque soviético no decurso dos 80. Os principais beneficiários desta nova situación foron precisamente os principais competidores dos Estados Unidos que están en situación mellorada para se beneficiar da expansión do comércio nos anos a vir. □

James F. Petras é profesor do Departamento de Socioloxia da Universidade do estado de Nova Iorque. Morris H. Morley é profesor da faculdade de Política da universidade de Macquire en Sidney (Austrália).

O TEXTIL CATALÁN

O sector afectado polos incéndios está en recesión

"A tónica depresiva iniciada no segundo trimestre do ano 1987 ten continuado nos últimos meses cun débil comportamento dos diversos indicadores da actividade do sector: descensos na produción, vendas interiores e exportacións, a redución das carteiras de pedidos das empresas ao longo da cadea textil continua a provocar aumentos das existéncias, que están chegando a uns níveis considerabelmente elevados". Esta información aparecia no número 3 da revista "De Indústria" que publica trimestralmente o Departamento de Indústria da Generalitat. No ínterin que marcaba esta situación do sector textil catalán médio cento de empresas textís terian sido afectadas por incéndios de diversa consideración segundo fontes de CCOO. Porén tardou en se disparar a alarma até o encadeamento de sinistros de feitura similar ocorridas nos derradeiros dias do 1988. Desque na noite do 28 de Decembro foran devastados polas chamas os armacéns das empresas "Tuset S.A.", "Industria Textiles Dodlanor" e "Arceados Fernando Navio" no Polígono industrial de Terrassa, nove empresas textis foron pasto das lapas do lume en oito dias.

Os incéndios que afectaron a seis povoacións da Comarca do Vallés e do Bai Llobregat, centros históricos do textil catalán, mostraban características comuns. Todos se iniciaron de madrugada aproveitando as longas pontes do Nadal, sen se atoparen indícios de inicio fortuíto e afectaron fundamentalmente aos armacéns onde se amoreaban as existéncias. En nengun dos lumes os expertos do corpo de bombeiros conseguiron topar indícios de intencionalidade. A magnitude das chamas que en poucos minutos arrasaban unhas naves ateigadas de material altamente inflamábel, non deixaban indício algun para a investigación. Só no último dos incéndios declarados até agora, producido o 5 de Xaneiro en "Industrias Montalcita S.A." e que pudo ser sofocado a tempo, tanto en informacións de vixiantes da empresa como o informe técnico dos bombeiros pareceron confirmar a tese de lumes provocados.

Os primeiros indícios

Porén, as sospeitas tiñan aparecido antes. Cando na madrugada do 1 de Xaneiro ardia embaixo de Montserrat a fábrica "Nerva-Nerpel" de 200 traballadores e ficaban os 3.000 m² do seu armacén e 15 dos seus teares, a idea dos lumes intencionados estaba no ar, apesar da asépsia dos informes dos bombeiros da Generalitat.

CCOO denunciaba que algunhas das indústrias sinistradas tiñan tramitado expedentes de regulamentación de emprego, e un informe da Garda Urbana de Olesa daba novas pistas sobre o incéndio de "Nerva-Nerpel" que apontaban cara un incéndio intencionado e preparado. A estas opinións sumábanse as opinións do alcalde desta localidade, Enric Permés que facia pública a sua "convicción de que o incéndio de "Nerva" foi provocado", á vez que criticaba a tardanza (máis de duas horas) con que os directivos da empresa se apresentaron no lugar do sinistro. Tanto neste caso como nos anteriores os proprietários das indústrias afectadas preferiron non facer declaración algunha a respeito dos incéndios.

Joan Plans, secretário do Consello Intertextil Español, a patronal do sector, quixo sair ao paso das sospeitas xeralizadas, e pediu "a presunción de inocéncia dos empresários". Plans afirmou que se facia notícia do que non era porque en reliade "sempre que hai un incéndio se abre unha investigación e non ten por que ser diferente co lume das indústrias". Vernet Armengou, asesor xurídico do grémio de fabricantes textis de Sabadell redundaba nesa opinión afirmando que nos seus 23 anos de ofício non viu nunca que un empresário puxese lume á sua empresa para cobrar o seguro ou liquidar a sua fábrica. Na sua opinión, a única relación entre a crise do sector textil e a onda de incéndios poderia deberse á existéncia de stocks non vendidos que aumentaban o riscó de sinistro.

Comezan as investigacións

Porén, coincidindo co incéndio de "Nerva-Nerpel" a policia xudicial de Barcelona e a Comandáncia da Garda Civil de Manresa abriron senllas investigacións para descobrir as causas dos sinistros. Dous dias despois, e cando a Consellaria de Traballo da Generalitat denegara a petición dos sindicatos de que se realizasen auditorias ás empresas afectadas polo lume, Carlos Jiménez Villarejo, fiscal xefe da Audiéncia de Barcelona, nomeaba a José María Mena como fiscal especial encarregado de coordenar e dirixir as investigacións sobre a onda de incéndios. Para entón os industriais xa tiñan aceitado publicamente a idea da investigación e algun deles a hipótese de lume provocado. Porén, e apesar de que esta hipótese cobraba consisténcia a todas luces ninhguén quixo avanzar idea algunha dos motivos dos presuntos pirómanos.

Mentres, perto de 1.300 traballadores ficaron sen posto de traballo. O Departament de Indústria da Generalitat respostaba a esta situación cun comunicado feito público o 4 de Xaneiro no que se mostraba partidário dunha "flexibilidade nas estruturas produtivas do sector textil, para adaptalo ás esixéncias da moda, e propuña que se revisase a actual lexislación laboral. □

JOAN RETANA/BARCELONA

TENSIÓN NO MEDITERRÁNEO

EEUU esperou a que o Estado español asumise a presidéncia europea

O ataque aos avións líbios forma parte dunha campaña para derrocar a Gaddafi

Outravolta o Governo ianqui actuou como un pistoleiro de vantaxe que intenta atemorizar aos habitantes de calquera povo do Oeste americano. Máis unha vez saltouse todas reglas internacionais, fixadas por si mesmo co seu direito a veto, e derrubou dous avións líbios frente ás costas africanas. A excusa é a xa consabida "actitude ameazante".



O combate aéreo do Golfo de Sidra dificilmentre pudo surxir dunha provocación dos Migs líbios. Os pilotos deste país coñecen perfeitamente a potencialidade case insuperábel dos míseis que portan o F-14 Tomcat da VI Flota norteamericana.

O derribo de dous avións "Mig" líbios por dous "F-14 Tomcat" americanos pertencentes á VI Flota, acantonada en aguas mediterráneas, non é un novo conflito líbio-americano como se encarregaron de difundir a maioria dos meios de comunicación, coincidindo plenamente coa doctrina americana que, a meio do Secretário de Defensa, Frank Carlucci, daba o **caso por pechado**, senón un acto máis nunha campaña emprendida polo Governo Reagan para desestabilizar o rexime de Muammar Gaddafi. Asi o recoñecia, por exemplo, Fernando Morán, ex-ministro español de Asuntos Exteriores nunhas declaracións á "Cadena Ser", e outros observadores internacionais nada sospeitosos. Unha campaña na que se combina a agresión externa coas accións intestinas tratando de dividir ao exército líbio e de criar un movimento que derroque ao lider da Revolución Verde. Esta estratéxia foi recoñecida pola própria administración ianqui despois do bombardeo de Trípoli e Bengasi no 1986.

EE.UU. estivo preparando o ambente nestes dias atrás difundindo a nova de que Libia estaba a construir unha fábrica de armas químicas en Rabta que habia que destruir.

En todos os mapas difundidos polas axéncias americanas e reproducidos en todo o mundo, xuntamente co lugar do ataque aos "Mig", aparece a **fábrica de armas químicas**, intentando, a forza de repetilo, que sexa asumido pola maioria dos cidadáns europeus. Non importa que a Alemañaa, a sua fiel aliada, negue que tal planta química esteña destinada a fabricar armas de guerra, pois sua é a tecnoloxia da factoria. Dá o mesmo que o governo de Trípoli pida que unha comisión internacional (segundo as leises ao uso nestes momentos) investigue "in situ" a planta...

Incredulidade na Europa

Pero esta vez a acusación xa causou un escepticismo xeneralizado nos aliados europeus de Washington. Non é que non acrediten xa nas suas mentiras, senón que, tan sequer a Thatcher está disposta a apoialas pois a ofensiva ianqui, nos últimos dias do mandato de Reagan, producese precisamente cando o mundo vive un momento de distensión nos enfrentamentos zonais, con acordos como Afganistán, Oriente Meio ou Angola.

Este "crime" (asi o califiou até "El Pais") é un máis no longo haber do pistoleiro americano que invoca unha "ameaza", como anteriormente no Oeste se xustificaban que "ia sacar a pistola" cando a vítima nen sequer levaba arma. Morrian, baixo esa disculpa, dúcias de inocentes pola simples "bravuconada" do **Billy El Niño** de turno, pois era impensábel que ninguén atacase a tan celebre pistoleiro, se non queria ser home morto, como o é que Líbia ataque aos EE.UU. e menos que uns "Mig" se enfrenten á tecnoloxia dos "F-14", que dispoñen do millor mísil do mundo de combate aéreo, e toda a aviación da VI Flota alerta nas inmediacións.

Por recordar o recurso á "atitude ameazante" alegada polos americanos, chega con citar o derribo do avión iraqui con 290 pasaxeiros en Xuño de 1988, que despois a própria administración ianqui tivo que recoñecer como falsa.

Pero hai outros dous aspectos a analisar. O primeiro a preocupación da maioria dos paises europeus de que Norteamérica actue coa desfachatez que o fai, non só para amedrentar ou desestabilizar a calquera país, senón enseñoreándose no Mar Mediterráneo, até convertilo en território próprio.

A segunda é que este ataque americano realizouse precisamente aos poucos dias de que Felipe González asumise a presidéncia da CEE. Sen dúbida os EE.UU. consideran que o Estado español ten unha atitude moito máis sumisa que unha Grécia que se apresurou a tomar as medidas oportunas para que os avións americanos non usasen as bases do seu país en caso de conflito. □

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballo. **Conselleiro Delegado:** Ramón Fernández. **Secretário:** Fernando Cuñarro. **Vogais:** Cesáreo Sánchez, Aurora Pereira, Eloi Villada, Manuel Fernández, Manuel Veiga, Xosé Mª Dobarro e Antón Fernández.

Director: Alfonso Eiré López.

Redacción: Manuel Veiga, Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa.

Correspondentes: Sabela Foxo (A Coruña), Hernán Naval, Inma Eiroa (A Mariña), Lois Castro (Ourense), Laxe Grande (A Garda), Xan Docampo, Carmen G. Ares (Compostela), Enrique Sanfiz, Maria Xesus Arias (Ferrol), Francisco Arrizado, Lino Braxe (Lugo), X.A. Suárez (O Condado), Carlos Méndez (Vilagarcía), Pepe Rei (Donostia), Teresa Toda (Madrid), Joan Retana (Barcelona), Gonçalo Nuno (Porto), Manuel Vilar (Londres).

Colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Antón Baamonde, Francisco Carballo, Xesus González Gómez, Manuel Rivas, Xesus Vega, M. Chouza, R. Cid, X. M. Aldea, X. Larrosa Vila, Cesar Varela, Xosé M. Salgado, J.A.M., Xesus López Témez, Xoan M. Carreira, Xosé Lodeiro, Fernando M. Vilanova, Xesus Torres, Suso Piñeiro, Domingos Prieto, Carlos Durán, Xesus Cambre Mariño, X.M. Eiré, Eric Ducheteau, Begoña Moa, Alfonso Rivas, Xaquín Agulla, Fernando Carballa, M. Fernández Blanco, Vitor Vaqueiro, Antón Mascato, Xurxo Estévez, Xico Peña, Xoan M. Estévez, Manuel Lueiro Rey, Anselmo López Carreira, Hernán Naval, A. Cordero, Lupe Ces, Francisco A. Vidal, Xavier Seoane, Ricardo Rivera, X.X. Piñeiro Cochón, Plácido Lizancos, Xesus Campos, Manuel Estrada, Gonzalo Vilas, Alexandre Banhos, Bernardino Graña, Carlos Oliveira, L. Casado Cadarso, Miro Villar, Manuel Santiago, Margarita Ledo Andión, X.L. Iglesias.

Fotografía: Ánxel Iglesias, Chus García, Moncho Rama, X. Marra, Che, X. M. Fontán, X.L. Díaz, Nelson Gómez, Moncho Iglesias, Alexandra Díaz, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, E. Reimóndez, Delmi Álvarez, Tachi Castro.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Calros Silvar, Ferreiro, Fefo, Xulio Gaioso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.

Axéncias: Novosti, ADN, Prensa Latina.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez, Carlos Soaxe.

Corrección Lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga (Director), Juan Louzán (Madrid - Telf.: 91-467 31 33).

Suscricións: Blanca Costas.

Dirección e Administración: Rúa Pontevedra, 4-5ª (36201 Vigo) - Apartado de Correos 1371 (36280 Vigo) - Teléfonos: Administración, Suscricións e Publicidade (986) 43 38 30 Redacción (986) 43 38 86. Telefax (986) 43 36 24.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 02-13-3105.

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas suas páxinas respeitando a independéncia dos seus autores; non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite a procedéncia.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

CARTAS

CÓPIA EN ESPAÑOL

Un grupo de amigos, afeizoados ás setas, decidimos criar a asociación micolóxica "Poupariña", co fin de agrupar a todas as persoas que no Concello de As Pontes que están interesadas no mundo das setas, e aquelas outras que desexaran iniciarse, para asi ampliar todos os nosos coñecimentos e mirar de evitar desagradábeis acidentes, que a todos nos consta que se poden dar. O carácter da pretendida asociación era, e é, tan altruista que a pertenza a ela era totalmente libre e non se pagaba ren. No seu dia fixemos unha pequena asamblea pública, na que de cara a formalizar dita asociación, tomamos o acordo de envir os estatutos ao Governo Civil de A Coruña para a nosa legalización.

Pero, máis unha vez, a Administración está para ser servida e non para servir e o Secretário Xeral de dito Governo Civil envíanos unha amabel carta (en español), comunicándonos que temos que subsanar uns defectos formais, e ademais diso pédenos *¡unha tradución dos estatutos en español!* , baseándose nun artigos da Constitución e noutro do Estatuto de Autonomia; supomos que de enviar os estatutos en español non teriamos nengun problema.

Ante a contestación do Governo Civil, a Xunta Promotora da asociación decidiu correxir os defectos formais, e enviar de novo os estatutos en galego, e isto por un motivo fundamental:

E por último, recomendámoslle ao Secretário do Governo Civil e ao próprio Governador, que nun momento libre que lles deixen as moitas ocupacións que supomos teñen, relean o noso hino nacional, e sobretodo a estrofa que di: "os bos e xenerosos / a nosa voz entenden / ...", e é que os galegos xa estamos fartos de ser estranxeiros na nosa terra. □

FERNANDO BLANCO PARGA
Xunta Promotora da Asociación Micolóxia "Poupariña" de As Pontes.

PREOCUPACIÓNS DE HB

Como membro disa Dirección "social-demócrata, chauvinista, etc." que, segundo HB, ten o Bloque Nacionalista Galego —pertencer a ela produce-me moito arruallo—, gostaria facer unhas reflexións sobre as motivacións subliminais que, ao meu xuizo, empurraron a HB —co posterior, e por min agardado, corolário da FPG— a retomar a descalificación do proxecto BNG.

Tentarei fuxir da visceralidade —na que seria fácil caer— porque significaria enguedellar-se na visgosa tea de araña que é o escrito de HB publicado en "A Nosa Terra". Aind que son consciente de que é unha clara provocación, conforta-me comprobar, a pouco que debulle nel, que baixo o bosco de arrogáncia agocha-se a árbore da preocupación.

Para comezar, seria interesante preguntarmo-nos en que circunstáncias se utiliza un discurso *insultante*: cando —como niste caso o ente obxecto do insulto—, o BNG, é feble ou é forte? Nas miñas vivéncias persoais non recordo que o forte insultara ao feble; todo o máis, ou ben podería despreciá-lo, ou dar-lle unha labazada. Que significa

isto? Non, quizais, que HB non sexa forte, mais si que o BNG non é tan feble como alguns queren facer crer!

Que pode ter o BNG que preocupe tanto a HB como para tentar, a calquer prazo, desprestixiá-lo? Hai duas acusacións, no seu discurso, que dan a pista: "desatar unha campaña antibasca, anti-catalana e anti-asturiana" e "ser eleitoralistas, autonomistas, etc., etc.,". O resto das acusacións non son máis que recheo ("caso Barreiro") para completar os fólios.

Reflexionemos sobre a primeira. Como vemos, é un tema que incide nas relacións exteriores, tanto do BNG como de HB. Ambas as duas Frentes, xunto con variados movimentos de liberación nacional, están integradas na CONSEO ("Conferéncia de Nacións sen Estado da Europa Ocidental"). E acontece que HB observa como as suas tentativas de asumir o liderazgo da CONSEO —sexa moral, político ou ideolóxico— frustran-se ante a oposición da maioria das organizacións membros, que, como o BNG, non están dispostas a se converter en comparsas de HB —porque na CONSEO non abundan os papanatas—. Daí os seus manexos —non do BNG— no nacionalismo catalán que levou á escisión do MDT, ou a sua negativa a que a próxima Conferéncia da CONSEO se celebrara na Galiza, propondo que a organizara o partido —autonomista— que goberna na Cerdeña, e que é membro da "Alianza Libre Europea" —como o noso PNG, ou como Eusko Alkartasuna— ou o repentino descobrimento da "nación asturiana" —e digo repentino porque, se a memória non me falla, nunha anterior xuntanza da CONSEO, celebrada hai pouco máis de dous anos na Franza, o portavoz de HB, o filólogo Txillardegui, *coincidia plenamente* coa postura do BNG a respeito do tema asturiano. Que puido pasar para que niste breve prazo de tempo HB cambiara tan radicalmente a sua posición? Quizais que Astúrias se converte-se xa nunha nación? Ou que HB precisa aliados, os que sexan, que apoien os seus afáns protagonistas, sen importar-lle que a CONSEO se convirta, sempre que sexa no seu benefício, nalgo confuso, sen norde e sen proxecto, en función do cal, chegado o caso, entrarian —logo dos asturianos— os cántabros, castellanos ou mesmo os extremeños? Mais ben ocorre isto. Daí ven a raiba de HB. Porque o BNG non quer ser cómplice nas tentativas de que a CONSEO dexenere. Mais, como tampouco defendemos o "clubismo", propuxemos que Astúrias, á que si consideramos unha "nación emerxente", puidera asistir ás xuntanzas da CONSEO como observadora. Proposta alternativa á de HB que foi aceitada. Aparte que, metendo aos asturianos como membros de pleno direito da CONSEO, pagaba HB os votos das europeas, saindo, nos dous casos, beneficiada.

Falando de votos, é evidente que a orixe diste conflito BNG-HB está nas pasadas eleccións ao Parlamento Europeu. E, loxicamente, tiña que extender-se a outras instáncias. Como o BNG, en nengun caso, perdeu un ápice da sua forza e prestíxio, recorre HB á descalificación e ao insulto, demostrando, como logo explicarei, que algo fallou nas suas previsións. Porque non é que descoñezan o que pasa na Galiza —que coido que non— senón todo o contrário, que o coñecen demasiado, e, para o seu disgosto, as cousas non rodan como deberian. E niste apartado entraria a segunda das acusacións que logo a FPG, por boca de Mariano Abalo, remacha.

Pensemos no momento no que saen á luz os dous escritos... Que vai pasar proximamente para que retomen a teima descalificadora? Duas cousas: as eleicións ao Parlamento Europeu, en Xuño, e os procesos congresuais da UPG e o Bloque Nacionalista Galego, en Xaneiro e Marzo respectivamente.

No primeiro caso, é evidente que HB comeza unha pre-campaña eleitoral —de feito xa falan dos votos que van acadar, que, polo que nos queren facer crer, serán moitos— co tempo. Mais... por qué con tanto tempo? Será, quizais, que non o teñen claro —falo da Galiza— como nas anteriores? Será que sospeitan que moitos dos nacionalistas que os apoiaron nas anteriores eleicións, despois de analisar todo o que pasou nos últimos tempos, non sexan xa tan proclives a volver a facé-lo? Será que ven que a mitoloxia basca —polo seu comportamento insolidário e arrogante— vai-se esboroando na Galiza?

Será, falando xa do segundo caso, que ven que a FPG non só non lle tirou militáncia ao BNG —sen contar os que a formaron, claro— (e veñen-me á memória as palabras de destacados membros disa organización —algo no que ainda insiste Abalo— que dician que a militáncia do BNG estaba con eles (!!)— senón que, pola contra, a militáncia do BNG aumentou, tanto cualitativa como cuantitativamente —mal que lle pese a Mariano Abalo— e o desenvolvemento das liñas xerais de política táctica, aprobadas na Asamblea do Carballiño, que ven facendo o Consello Nacional do BNG —ise que seica o forman social-demócratas, chauvinistas e autonomistas— conta co *total apoio* de dita militáncia? Será que HB ve como a sua sucursal está estancada —lembremos os asistentes á última manifestación que convocaron en Compostela— e que isto pode repercutir tanto nos votos como noutras estratéxias, non necesariamente políticas, negativamente? Será que agardan, logo da confirmación sacramental —e nunca mellor dito— que HB ven de facer-lle á FPG, que algun nacionalista vexa por fin a luz —basca, se entende—? Será que confian (?) que se poidan producir movimentos de contestación no seio da IV Asamblea Nacional do BNG?

Se reflexionamos sobre o que levamos falado, é comprensibel que HB e FPG manifesten, belixerantemente, a sua preocupación, desconcerto e raiba. O BNG, a pesares do comportamento de HB, seguirá sendo solidário, como sempre o foi, co povo basco, mais nunca servil; seguirá marchando polo camiño que abriu no Carballiño, consciente que o seu proxecto comun, unha Galiza de seu, sumará cada vez mais galegos convencidos de que a nosa Pátria, Galiza, ten futuro. □

XOAN CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ
(A Coruña)

CATALUNYA

O noso partido non ten por costume respostar ás opinións ou aos critérios informativos que cada meio de comunicación expresa seguindo a sua liña de pensamento, ainda que no caso de ANT ás veces parécenos parcial, cando non sectária, tanto no referente á política galega, como a política estatal e mundial.

Móvenos a te escreber estas liñas a noticia publicada no número 336 de ANT co título 'Movimientos políticos no independentismo moderado'. De sempre, os correspondentes de ANT en Catalunya, ao estaren vencellados a un determinado e moi concreto espácio político, manifestaron unha certa parcialidade cando tiñan que informar do noso partido, ben na época actual, ben nas anteriores como NE ou EEC. O artigo en cuestión trata a preparación do congreso de ERC e a saída dalguns afiliados da ENE, previsibelmente en dirección ao primeiro partido.

De entrada, o correspondente clasifica os partidos cataláns en función exclusivamente do seu pedigri ou cualidade nacionalista (independentista), cousa coerente coa liña de ANT, pero rexeitada por nós, tanto polo que nos afecta como pola mesma consideración que facemos das forzas políticas catalanas: a ENE non é un partido independentista moderado (nen radical, nen 'light'), senón que é un partido de *esquerda* nacionalista. Os nosos acordos políticos con otras forzas buscámolos, principalmente, coas forzas de esquerda, non con forzas conservadoras, ainda que se chamen nacionalistas ou independentistas. Nós non pugnamos coa ERC (e ainda menos cos MDTs e outros grupos apenas relevantes socialmente como MCs ou LCRs) por ver quen é máis nacionalista, senón por ver quen pode levar adiante propostas progresistas, radicais e pragmáticas (posíbeis) ao tempo.

É absolutamente gratuito, por parte dos correspondentes de ANT, falar de 'dispersión do secretariado' do que foi NE. Houbo saídas individuais nestes nove anos de NE-EEC-ENE, e saídas colectivas (a de 1987 a ERC de Carod-Rovira e outros vinte, logo da de 1984 dos que logo foron o MEN —hoxe non máis de quince ou vinte).

A maior parte da dirección de NE entre 1980-1984 segue hoxe en ENE: Jordi Carbonell (Presidente do partido), Joan Armet (representante de ENE na CPN de IC), Marc Palmés (Presidente do Consell General), Sebastiá Ribas (concellal de Sabadell e deputado provincial). De todos os que até hoxe marcharon, levado de Carod-Rovira, nengun deles ten a máis mínima incidéncia na realidade política catalana.

Os supostos dirixentes que hai uns dias marcharon do partido, en realidade, é un só, Josep Huguet, e os seus acompañantes deixaron o partido no ano 1987, antes das municipais, por non quereren ir na sua vila, Rubí, con IC. E das supostas sesenta firmas do manifesto, non habia máis de doce. Tampouco é certa a afirmación que di que "pasaron a ERC con armas e bagaxes", pois sendo os que son non creo que levaran máis que algunha senyera como *souvenir*... Os que no NE formaron a ENE, os renovadores de ERC, coñecen as interioridades de ERC e a multiplicidade das suas famílias. Para H. Barrera, o noso partido, no 1984 era un 'partido de mariquitas', e 'partidário do terrorismo' por pedir a M. Thatcher que non ilegalizase o Sinn Fein por accións do IRA. Hoxe, para Huguet, ademais de definir ERC como o partido xenuíno do nacionalismo progresista, o anticomunismo ou a reserva diante do comunismo, é bandeira política, de definición política. El, que foi dirixente destacado do PSAN e, por tanto, militante marxista-leninista nos anos setenta. Cousas veredes!

Finalmente, lamentar que o correspondente de ANT teña feito a sua crónica baseándose na prensa diária e sen contrastar connosco a realidade das informacións. □

JOAQUIM VENTURA
Relacións Internacionais
Consell General de Entesa dels Nacionalistes d'Esquerra

Damián Villalaín, xornalista que até agora ocupaba o servício de prensa do Concello de Santiago, ven de ser nomeado recentemente director do Centro Dramático Galego, cargo anteriormente ocupado por Dorotea Bárcena. O nomeamento tivo unha certa contestación e agora ábrese a expectativa do novo rumo que Villalaín poda darlle ao CDG na tempada que comeza.

■ XAN CARBALLA

ANXO IGLESIAS

'Boa parte da imaxe e prestíxio do CDG perdeuse na xestión do pasado ano'

Damián Villalaín

Novo director do Centro Dramático Galego

O nomeamento seu ten carácter político?
Quizais o deberia respostar quen me nomeou. Non me considero como un político que chega ao posto posto pola Consellaria e menos polo PSOE para desenvolver a política dese partido. De feito coido que é unha sospeita que existe entre membros da profisión teatral. Non sei até que ponto pode considerarse un nomeamento político en canto non son militante do PSOE, non se me pediu nengun tipo de adesión ideolóxica a nengun dos tres partidos da coalición governante e ainda deixei claro antes de aceitar o posto que non só non era militante, senón tampouco simpatizante ou sequer votante do PSOE.

Efectivamente a Asociación de Actores rexeitou o seu nomeamento por non estar ligado á profisión.
Paréceme un pronunciamento algo corporativista. Non creo que para dirixir o CDG haxa que ser actor ou director ou cenógrafo, ou dito doutra maneira, ser un profisional do teatro non garante, por si mesmo, eficácia ou bon funcionamento. E isto demostrouse folgadamente este ano pasado. Se aceitei non sendo un profisional do teatro é porque considerei que entraba no meu ámeto de capacidades dirixir o CDG.

A miña vinculación co teatro é moi aledaña pero moi continuada, desde o ponto de vista do seguimento máis que nada como espectador. Tamén fun actor afeizoado, traballei con Vidal Bolaño cando se teantaba facer un grupo universitário en Compostela. Sigo o teatro galego desde as Xornadas de Teatro Independente de Vigo e exercin en "La Voz" a crítica teatral.

A situación do teatro galego

Con cinco anos de funcionamento, non se observa no balance que o CDG vai por un lado e a profisión por outro?
Non penso que vaian por camiños tan desparellos. Nuns anos o atrás o CDG case era a única posibilidade de traballo dos actores pois que as subvencións para teatro eran baixísimas. Daquel tratamento do teatro nos orzamentos de Cultura viñeran cousas como o espectáculo de "A Cea" que se montara en Vigo. Nesa medida podia parecer que a produción teatral se concentraba no CDG; tamén naquel momento se facian, por isa razón, coproduccións que agora xa están desbotadas na medida en que agora nos orzamentos de Cultura hai máis cartos para as compañias privadas.

Foron desaparecendo os grupos estábeis e deviñeron en grupos máis circunstáncias, máis de cartel.
Aí pudo intervir o CDG, pero nun senso positivo porque desde un primeiro momento intentou promocionar ás compañias estábeis a meio de co-produción que na altura dos primeiros pasos do CDG era unha maneira de que subsistiran e tamén con produción como no primeiro ano "Mari-Gaila" ou "Artello". Neste aspecto interviu máis o surximento da doblaxe e da televisión, que lle oferece aos profisionais unhas condicións económicas moito mellores e maiores garantias de estabilidade no traballo.

Que opinión lle merece a crise xeral dos Centros Dramáticos?
Podo falar do galego. Inciden factores políticos como a inestabilidade desde 5 últimos anos e tamén alguns intentos de instrumentación política do CDG. Influe tamén que non acaba de existir unha convición íntima e profunda por parte dos políticos da necesidade de que exista un Centro Dramático Galego que auspiciado polas institucións e con cartos públicos crie teatro e conciba ese teatro como servicio público. Pero non é un problema específico nen do teatro nen do CDG. Coido que na Galiza é un problema que abrangue toda actividade cultural. Non hai por parte da clase política unha convicción de que a cultura sexa útil. Nestes momentos non é máis que un ornato e iso refréxase politicamente nos orzamentos da Comunidade Autónoma, onde a Consellaria de Cultura sigue a ser unha das *marias* ainda que incrementou a sua dotación.

Tamén con estes novos orzamentos?

'TEÑO INTENCIÓN DE CONSEGUIR BECAR DIRECTORES E ACTORES PARA QUE COÑEZAN TEATROS MÁIS CONSOLIDADOS'

Si, si.

E non se podia agardar nesta nova etapa unha mudanza de actitude?
É un problema que é extensivo tanto a AP como ao PSOE como aos dous partidos nacionalistas moderado e progresista que están no governo, non vexo atitudes sustancialmente diferentes. O que ocorre é que se produciu un certo progreso favorábel neste governo a respeito do anterior. O orzamento de Cultura case se duplicou pero non é dabondo. Cultura, con Pesca e Indústria, son as Consellarias pior dotadas.

'PARA OS POLÍTICOS A CULTURA SEGUE A SER UNHA CUESTIÓN DE ORNATO'

O CDG ten un orzamento máis baixo que o homólogo de Extremadura.
É o presuposto máis baixo de todos os Centros Dramáticos de España. Isto enlaza co anterior. Con oitenta e cinco millóns —que si é unha subida porcentual a respeito do 88— un Centro Dramático non pode ser máis que unha simples unidade de produción de duas ou tres montaxes ao ano. Coido que o CDG debia ter outras funcións: dinamizar a actividade teatral e integrarse no proceso cultural da sociedade e achegarse máis á povoación. Con duas ou tres montaxes é unha productora de teatro, quizais máis caro que o privado, pero pouco máis pois hai que manter unha estructura de persoal de centro e uns gastos que minimizan moito a operatividade.

Hai unha experiéncia con "Espectros" que foi patrocinada por unha empresa privada. Vai ser un vieiro futuro?
É un bon precedente o implicar a iniciativa privada á cultura. Máis que polos cartos que invistan. Iso dá moi bons resultados en Santiago co Teatro Principal, á ONCE, á Caixa de Vigo...

Por outro lado é un pouco penoso que se teña que recorrer ás empresas privadas e non haxa máis cartos públicos.

Chega ao posto sabendo as limitacións que hai, a precariedade de que me falaba, que é entón o que o anima a dirixir o CDG? Con que respaldo conta?
Sobretodo que é algo novo. Eu ia camiño de facerme case funcionário. É un pouco a motivación persoal, de non querer adquirir ese status.

Dentro das condicións precárias —que non son exclusivas do teatro— coido que a Consellaria de Cultura este ano está moito máis volcada con que sallan ben as cousas no CDG respeito a outros anos. Por outro lado teño a palabra e a petición do próprio Conselleiro de que a miña xestión sexa totalmente autónoma.

Novos proxectos

Cales son as novas ideas?
Unha parte do prestíxio e a boa imaxe que tiña o CDG, discutíbel se se quer, perdeuse o ano pasado en poucos meses. É primordial restaurar esa imaxe, ese prestíxio e o funcionamento normal. Dentro diso plantéxome várias liñas que non son especialmente novedosas: a montaxe de tres produción, continuar unha política de formación de profisionais que penso facer en colaboración con outros organismos, abrir unha liña de colaboración coa Xoven Orquestra de Galicia e darlle unha normalidade ao campo das publicacións. No tema da formación de público ir concretando máis as formas de colaboración cos organismos que teñen a ver co teatro escolar.

Cales son as produción previstas?

'A DOBLAXE INCIDIU NEGATIVAMENTE SOBRE A ACTIVIDADE TEATRAL DOS GRUPOS ESTÁBEIS'

Prefiro non dar ainda os títulos. As liñas de programación inclúen un autor galego contemporáneo, un clásico seguindo a liña aberta por "O enfermo imaxinário" no 87 e posibelmente un autor vivo contemporáneo non galego.

Un problema que plantexa a programación é a posibilidade de representar obras de menor peso para invertir a escasa asisténcia de público. Como solventar esa disxuntiva?
Iso é difícil porque non creo que a priori se poda dicer "imos facer unha fácil para compensar a esa outra máis complexa" nen tampouco un desexo de facer unha obra difícil que non chegue ao público. Calquera que monte unha obra dirixida ao público non pode ter na cabeza que non goste. O contraste faise coa realidade. Hai obras que non chegan e outras que si. Non creo que as que non teñen o arrimo da xente sexan problema da capacitación do público que por outro lado si precisan unha certa cualificación ligada a asistir máis ao teatro e que este normalízase máis a sua oferta. O nível de público na Galiza non é baixo senón que haxa maos plantexamentos nas obras.

No plano da formación no se poden traer obras doutros Centros Dramáticos do Estado?
Temos un forte problema que é que o CDG non ten unha sede que sexa un teatro como outros Centros. Plantéxase para o futuro e mesmo para este ano no que haberá que procurar un local para o IGAEM (Instituto das Artes Escénicas e a Música). Haberá que acondicionar un novo local ou construilo novo.

Un dos problemas do teatro galego a nível de resultados artísticos é que existe moi pouco intercámbio con outros lugares xa non dos Centros Drámticos peninsulares como o teatro que se fai na Europa. A miña intención é conseguir que haxa dotacións para becas para que os nosos directores e actores podan sair fóra de España e podan implicarse mínimamente noutros teatros máis consolidados.

Na colección que publica o CDG coeditadamente con Xerais hai catro títulos. Pero hai algunhas obras, por exemplo traducións de M. Lourenzo, que están bloqueadas por razóns normativas.
Nese sentido paréceme ridículo insistir no tema por parte dalguns escritores. Non seria xa unha cousa do CDG, que como organismo dependente da Xunta ten que cumplir a Lei e a normativa, senón pola própia editorial con que o CDG ten conveniado a publicación, que tamén non admite obras non normativizadas.

Agora antes da primavera van sair catro obras: a gañadora do "Álvaro Cunqueiro", "Arce no xardin", e as dos finalistas Maria Xosé Queizán, Riveiro Loureiro e Alberto Avendaño.

Existe a posibilidade que o teatro do CDG poda ir, por exemplo, á emigración, cando menos á europea?
Estamos no de antes: as limitacións orzamentárias. Na programación anual sempre hai unha obra que destaca. Pero unha prórroga de contrato por seis meses equivale a uns 16 millóns de pesetas —por exemplo no caso de "O mozo que veu de lonxe"—, co cal non se pode cos orzamentos actuais. □

O incéndio do Bar *Raxo* de Monforte pon fin simbólico a unha época coroada polo *Sida*

Un lume, a dicer de todos intencionado, puxo completo fin en dias pasados ao *Raxo* de Monforte, un histórico café-bar rexentado longo tempo por dous irmáns dese mesmo apelido, un dos cales, membro na sua mocidade do *Socorro Rojo*, finara habia poucos anos. O local foi na última década o centro marxinal por excelléncia da cidade, con ampla sona de lugar de reunión de drogadictos. O certo é que á marxe do seu público habitual só os dias de feira alcanzaba a ter algun outro cliente *despistado*. O incéndio, que respeitou unicamente as paredes, era a reprodución doutro intento fracasado unhas semanas antes. A razón do mesmo parece estar no valor imobiliário deste céntrico edifício de planta baixa.

Ao *Raxo* pódeselle outorgar o carácter simbólico de lugar de estáncia de parte importante dunha xeración que en símil literário poderia calificarse de "perdida" ou "maldita". Inquedanzas culturais, políticas, pero sobretodo mozos sen nengun tipo de inquedanzas, nen esperanza, decididos a ensumir a vida con prontitude, ocuparon durante estes derradeiros anos as mesas de mármore branco, anteriormente dedicadas ao dominó.

Sintomaticamente o incéndio ven coincidir co fin desta xeración, que poderia encadrarse entre os que hoxe teñen de vintecinco a trintecinco anos. O ambiente do hachis, substituido en várias decenas de casos polo da heroína, en altas proporcións tendo en conta o número de habitantes da vila, toca agora ao seu fin co SIDA, enfermidade que xunto coas sobredoses e outras variantes está a levar consigo de cote aos xóvenes-vellos consumidores de *cabalo*. Média dúcia de mortos, poderia ser até agora o número, a modo especulativo dado o siléncio oficial e social ao respeito. □

A *cultura do menosprécio* a debate no Encontro de Educadores pola Paz

A "educación en valores" ou recuperación da ética é un dos eixos cardinais sobre os que se desenvolverá o III Encontro de Educadores pola Paz, a celebrar no Carballiño os vindeiros 14 e 15 do presente mes, sob a organización do Grupo de Educadores pola Paz de Nova Escola Galega. O plantexamento citado ven así a relativizar, a dicer dos promotores, a excesiva obsesión existente actualmente coas novas tecnoloxias, tentando de recuperar para a educación o terreo dos "princípios éticos".

O Encontro pola Paz analisará nomeadamente a "influéncia da guerra e a cultura do menosprécio" tan decisiva na nosa sociedade, contrapoñéndoa cunhas "relacións e cultura en positivo"

Xogos cooperativos, evaluación da situación na Galiza e no entorno peninsular, con presénncia de representantes do Porto e Lisboa, exposición de materiais elaborados (unidades didácticas, libros e vídeos, así como a exposición fotográfica "Hiroshima e Nagasaki") complementan o desenvolvemento das xornadas. □

A reivindicación do cooperativismo como forma de intervención na escola

As conclusións do I Congreso de Cooperativas de Ensino e Traballo Asociado na Galiza, no seu Congreso de Decembro, deben permitir un maior ancoraxe na nosa sociedade desta realidade específica do enisno, relacionada co espíritu de traballo cooperativo doutros sectores económicos.

No Congreso instouse ao Ministério de Economia e Facenda a que publique a lei de Réxime Fiscal pois as Cooperativas ainda se rexen polo Estatuto Fiscal do 1969, urxindo ás Consellarias de Educación e Traballo a actualizar tamén a sua lexislación ao respeito. Especificamente ante a Consellaria de traballo reclámase a publicación do modelo de Estatutos de Cooperativas en galego e ante a de Educación a presénncia da UCETAG (Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado) nos órganos de decisión e debate, relacionados co ensino —mesas territoriais de concertos, Consellos Escolares a nivel municipal, autonómico, Comisións de Escolarización, etc...).

Fan fincapé tamén nas conclusións en que "dada a falta de postos escolares adicados á primeira infáncia, urximos á Adminstración Galega que contribua á financiación dos servicios prestados por Centros adicados a nenos con idades comprendidas entre os 0 e 6 anos".

A UCETAG ten apresentado un Programa de Actividades para este ano con programas de difusión, fomento e formación nesta específica área de intervención na escola.

LIBROS

Francisco Rodríguez

Rosalia de Castro na visión de Francisco Rodríguez

O 15 de Xaneiro de 1988, hai agora xusto un ano, Francisco Rodríguez defendia a sua tese de doutoramento (**Análise sociolóxica da obra de Rosalia Castro**) perante un tribunal composto por Ricardo Carballo Calero, Pilar Vázquez Cuesta, Claudè Henri Poullain, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Anxo Tarrio. Do primeiro ao derradeiro destes doutores coincidiron en asinalar a excelléncia deste estudo e do seu autor, calificado como "un dos máis brillantes intelectuais dos nosos tempos" (Carballo Calero), artífice dunha tese que supuña un "importantísimo acontecimento cultural" (Barreiro Fernández) e que significaba un fito nos estudos rosalianos até o ponto de que con ela "se descobria unha nova Rosalia", como "traballo excelente e inteiramente renovador", que era o que "a Galiza necesitaba á altura do ano 1988" (Poullain).

Hoxe podemos felicitar-nos —grácias á intelixéncia editorial e a dilixéncia da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega— de ter nas mans o libro[1] resultante daquela tese que contén todo o corpo investigador, analítico e conclusivo e reduce aos principais o conxunto de apéndices que, de publicados íntegros, criarian un novo volume. Concordando inteiramente cos elóxios antes apontados e non pretendendo neste artigo facer crítica da obra no sentido profundo do termo, limitaremo-nos a asinalar o que, ao noso xuízo, a converte nunha *peza clave* da nosa bibliografia literária e mesmo histórica e, por suposto, en peza fundamental, *inaugural*, para a comprensión de Rosalia de Castro.

Como toda obra de investigación que merece o adxectivo de *clásica* (descobridora, compiladora de documentación anterior, que oferece unha *proposta* interpretativa clara e orixinal, de obrigada leitura para o coñecimento de/a escritor/a tratado/a), esta tese non naceu da nada nen de xeración espontánea. No haber do seu autor, profesor con vinte anos de docéncia, ensaísta, conferencista, escritor de temas lingüísticos, literários, culturais e políticos, contamos cun repertório de obras, artigos e escritos dedicados desde hai moitos anos a análise en profundidade da problemática galega en campos tan vitais como o estudo do idioma, o diganóstico do conflito en que este vive, a especificidade da nosa literatura através da história e a ubicación e o significado de figuras clave na história e na literatura do país. A unhas cualidades decerto invulgares no tocante á pene-

UNHA COLECCIÓN NECESARIA
BIBLIOTECA DAS LETRAS GALEGAS

VIII Centenario
SERAFIN MORALEJO
O PÓRTICO DA GLORIA
CONTADO A MOZOS E NENOS

A explicación, a narración dás partes, das súas figuras, os debuxos dos símbolos PARA AGASALLA-LO NADAL 88 CON OITOCENTOS ANOS DE HISTORIA

¡PIDAO NA SUA LIBRERÍA HABITUAL!

Primeiros títulos

Ramón Cabanillas. **Na noite estrelecida.**
Edición de Xosé Ramón Pena.

X. L. Méndez Ferrín. **Contos.**
Edición de Sonsoles López.

Eduardo Pondal. **Poesía.**
Edición de Manuel Forcadela.

Luis Pimentel. **Poesía.**
Edición de Ramiro Fonte.

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

tración analítica e á interpretación da literatura galega (ben postas de relevo nas análises sobre Murguía, Curros, Blanco Amor, Cabanillas... e, moi nomeadamente, Rosalía de Castro), Francisco Rodríguez une unha enorme calidade na recollida de documentación e metodoloxía utilizadas. Todo isto ao servizo dunha intelección cabal e *desde dentro* do fenómeno analisado, peneirando debidamente toda a información datual e contextual para chegar a ofrecer-nos o significado —a función e o sentido— da arte literária que a Galiza produciu en momentos e figuras significativos.

Estamos, portanto, ante un escritor que combina o mellor dos intelectuais históricos galegos (no amor e na defensa da nación e, por suposto, coma eles, *facendo política* diariamente, única maneira cabal de coñecer e comprender este país) cunha moi actualizada e rigorosa posta ao dia na información, no método e no tratamento da obra literária. A diferén ia doutras teses anteriores sobre a nosa autora (por certo, a penúltima, de Catherine Davies, só mereceu, que saibamos, a recensión feita por el en páxinas tamén de *A Nosa Terra*), que Francisco Rodríguez aproveita, completa ou rectifica, esta, a sua, non aborda aspectos parciais, senón que ten un carácter totalizador que explica a personalidade, a obra inteira e a función de toda a criación rosaliana. Velaquí os, ao noso xuízo, principais aportes:

1. Traza unha panorámica histórica completa do período en que se desenvolve a vida de Rosalía, crucial na história galega, que, moi lonxe de ser introdución "erudita" desconectada da obra analisada, vai enfiando perfeitamente a relación causal entre determinados fenómenos históricos, correntes filosóficas, modas literárias... coa xénese e resposta da produción rosaliana.

2. É a primeira tese ou estudo sobre Rosalía que aborda valentemente a valoración adecuada de toda a sua produción narrativa, preterida tradicionalmente pola crítica maioritária, cando non abertamente menosprezada. Peza fundamental para coñecermos o perfil ideolóxico e as inquietudes e expectativas psicolóxicas, morais e políticas da autora.

3. *Cantares Gallegos* e *Follas Novas* fican, ao noso ver, exemplarmente situados na construción dunha literatura nacional que exibise dignamente as señas de identidade dunha sociedade pre-capitalista, non integrada e esmagada; nas cimas dunha poesía total onde non hai límites para filosofar, ironizar, doer-se da condición escrava das mulleres traballadoras galegas e interrogar-se até o abismo sobre a própria inarmonía e infelicidade das interaccións humanas e, moi particularmente, as de home-muller.

4. É a primeira tese en que fica abertamente proclamado e verificado o feminismo claro da nosa autora.

5. É tamén a primeira tese que oferece unha moi traballada e inteiramente orixinal significación da obra testamental de Rosalía, *En las orillas del Sar*, obra complexa e mesmo hermética que fica así no camiño de ser moito mellor comprendida.

6. Afinal, é tamén o primeiro estudo sobre a escritora galega que ubica correctamente o problema da dualidade lingüística e que fai un seguimento completo, ao longo de todo un capítulo, do proceso de enterramento e manipulación interesada que sofreu.

Temos, xa que logo, vários libros dentro de un e propostas moi suxerentes para a investigación futura de aspectos parciais nos que o próprio autor convida a aprofundar. Permítanos o leitor, finalmente, un par de reflexións máis, que consideramos chamativas. *É a primera tese sobre Rosalía realizada por un galego e defendida na universidade galega*; un "dia distinguido", como o calificou o presidente do tribunal, profesor Carballo Calero, dignaron-se asistir á leitura inteira da mesma dous profesores, dous, de toda a Faculdade de Filoloxía. Abraiante ou simplesmente deprimente? Nunha recente recensión xornalística desta obra (por certo, o libro galego de máis venda no mes de Decembro pasado), o xornalista referese a Francisco Rodríguez como "militante do nacionalismo e dos siléncios". Sendo a primeira afirmación certísima, perguntámo-nos: nun home que leva toda a vida traballando política e intelectualmente polo país, escrebendo e falando a cotio, percorrendo centos de lugares de todo o territorio galego coas suas conferéncias, coa sua palabra e a sua lección, cabe falar de siléncio? Quen impón siléncio a que e por que? Outra cousa é o siléncio, o ocultamento e, mesmo, a persecución para o que neste país signifique claridade, compromiso co país, dignidade ou, sen máis, discrepáncia co "stablishment" oficialista. Que continuen os de turno algo máis incómodos, porque os tempos han mudar e as suas manobras, mediocridades e vaguedades "cumprido fin terán". Grácias, Francisco Rodríguez, por devolver-nos esta Rosalía que criou a Galiza do pasado e que necesita a Galiza do presente. □

Mª PILAR GARCIA NEGRO

Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro. AS-PG. A Coruña 1988

O feito relixioso na Galiza das Irmandades da Fala

A Editorial Galaxia acaba de dar-nos unha nova publicación na sua colección Agra aberta. Trata-se da obra de Victorino Pérez, **A Xeración "Nós", galeguismo e relixión.**

Victorino devolve-lle aos que o axudaron na identificación coa Galiza unha páxinas de admiración. Como el son moitos os que están a atopar sentido a sua vida através dos escritos dos grandes mestres do galeguismo dos anos 20.

Victorino Pérez Prieto é coñecido na Galiza pola sua entrega a **Irimia,** asociación e revista. O traballo hermenéutico que nos oferece agora é comprometido; é un primeiro paso, se cadra unha investigación necesária. O tema trae en seguida á memória os brillantes ensaios de Möller que nos aliviaron da pesadez teolóxica do neotomismo nos anos de seminário. Möller afondara como poucos na ideoloxía e na sensibilidade dos escritores cristiáns. Otero, Risco, tamén Castelao, precisan dun intérprete semellante. Pode que estea na mente de Victorino proseguer ese labor.

Na obra **A Xeración Nós", galeguismo e relixión** hai os capítulos que poderian evocar un tratamento concreto sobre tan importantes autores. Na introducción plantexan-se vários problemas epocais: revitalización do pensamento teolóxico, precariedade da teoloxía galega, necesidade de repostar desde o feito relixioso ás arelas dun povo pendente de novos cataventos. Mais logo eses problemas non se desenvolven; non afluen suficientemente nas citas dos autores. No epílogo volta-se, a modo de índice, de novo a tan interesante temática. Tal vez non sexan suficientes as obras dos autores para dar-nos todo o ambiente de debate e busca que habia daquela. Eran tempos de *conversas*, de idas e voltas ás ideas. A revista **Logos** evoca canto andaba nas mentes e anceios. Pero tamén só inicialmente.

Victorino entrega-se logo á presentación do galeguismo e da relixiosidade dos catro autores: Otero, Risco, Cuevillas e Castelao. Otero leva a maior parte. En Otero encontra Victorino suxeréncias, institucións. Risco que tratou máis a propósito estes temas, acaba no límite do integrismo e da patoloxía relixiosa. Otero empezou por siluetar figuras como a de don *Bernaldo*, imaxe lírica dunha igrexa inexistente na Galiza, pero soño evasivo cheo de fermosura. Otero podia permitir-se naqueles anos tal forma de fuxir da realidade; mentras en ambientes máis confortábeis, Bernardos afondaba na realidade crua do abade rural. En Bernardos hai preocupación, esperanza; en Otero hai xogo, fantasía.

Preocupou tamén a aquela xeración cómo presentar unha Galiza católica, cómo ofertar un nacionalismo galego confesional. En "Sempre en Galiza", Castelao recolle lembranzas de conversas cos investigadores da Igrexa Galega, PP. A. López e Pardo, entre outros. Despois Castelao botaría-lle en cara á Igrexa a sua tración maioritária no 36. Fora Paulino Pedret quen máis afondara nesta temática entón moi atractiva. Os resultados foron cativos.

Realmente canto intentaron os homes da xeración das Irmandades no campo da reflexión e da acción político-relixiosa foi moito e paga a pena recolle-lo. Victorino acaba de dar os primeiros pasos. Queda longa tarefa porque para homes, como os catro estudiados por Victorino, tal temática era dramática, metia-se na canella máis escura e a transitar para unha história de liberade.

En xeral as indicacións de Victorino van polos verdes prados e as sorrintes veigas da piedade e da "consolidación". Como outros títulos de Agra aberta este fai unha oferta accesíbel e suxestiva. O camiño queda aberto, as covas a descubrir precisarán guías e árduos labores. □

FRANCISCO CARBALLO

Pérez Prieto, Victorino. **A Xeración "Nós", galeguismo e relixión.** Ed. Galaxia, Vigo, 1988, 264.

MUSICA

Shuka: "Aljaima"

Da importáncia da música africana como fonte suministradora de cantidade de ideas aos grupos europeus de "pop" e de "rock", xa non cabe a posibilidade de dubidar a estas alturas. Outra cousa é a proliferación do chamado "etno beat", que ten hoxe por hoxe ao grupo "Dissidenten" a sua punta do iceberg.

Parece definitivamente estendida a tendéncia de combinar ritmos étnicos con instrumentación e ambientación musical "pop", e imos camiño de que este plantexamento deixe de resultar inovador, e pase a ser próprio de formacións "standard". De momento a "Shuka" cábelle o honor de estar na primeira liña de saída.

Trátase dunha formación xurdida na cidade de Tánger, reconvertida en Andalucía (Granada), onde reside actualmente. A música popular de Marrocos enche as estrías do disco, algunhas veces coa única presénca de instrumentación tradicional (violiño, laúde, percursións); outras coa sofisticación da caixa de ritmos, guitarra eléctrica e teclados.

Joaquin Diaz: "Romances"

A énorme obra que a prol do folclore leva desenrolado desde hai ben tempo Joaquín Díaz condiciona "a priori" o interese que calquer nova produción discográfica do folclorista vallisoletano produza a estas alturas. Unha laboura que inclue, alén de cantidade de gravacións, publicacións como a "Revista de Folclore", iniciativas como o "Centro Etnográfico de Documentación", ou o impulso por el imprimido ao movimento "folk" dos anos sesenta ("Nuevo Mester de Juglaría", "Nuestro Pequeño Mundo"...)

A toda esta bagaxe erudita hai que engadirlle as boas cualidades da sua voz, que nesta ocasión conta co arroupamento que, no vocal e instrumental, condiciona este LP como obra próprna dun "purista" do folclore. A discreta intervención dun baixo eléctrico, xunto ao decisivo papel que os arranxos xogan na gravación, fai pór en cuestión máis unha vez a lexitimidade da ortodóxia na música popular; ou ben, se, pola contra, esta só se atopa en estado puro nos Cancioneiros, como moitos andan a afirmar por aí.

Sete Romances basicamente narrativos, con tintes dramáticos, debidamente "condimentados", musicalmente, xustifican sobradamente a audición deste disco.

XOÁN M. ESTÉVEZ

CINE

September

No pechado espácio dunha casa de campo, no prelúdio do outono, un grupiño de persoaxes matan o tempo, preparan un familiar *party*, e sobretodo falan. A nai (na ficción) de Mia Farrow, unha antiga actriz de fama que rebosa vitalidade e non gosta de ollar cara atrás senón é para lembrar alguns dos seus moitos *flirts*, é o anverso da sua filla, unha apoucada e depresiva muller atada a un incidente xuvenil e incapaz de rachar cun pasado de frustración.

As personaxes de **September** interrelaciónanse en torno a paixóns desatendidas, equivocadas ou imposíbeis, de xeito que todos fican desparellados e razoabelmente frustrados, agás a dominante e insensíbel nai. A desarranxada, emocional e fisicamente, Mia garda un segredo ao que atribue o seu fracaso vital: o asasiñato do ganster amante da sua nai, a ela atribuído só o fóra para librar á sua nai da ruína persoal na que logo se veu precipitada a sua filla. Un interesante replantexamento do famoso caso de Lana Turner. Pero chegados a este ponto culminante da trama e ao ter renunciado Allen a fórmulas do melodrama, semellante revelación apenas ten forza dramática. O que a Woody séguelle a pasar o que noutros filmes non cómicos (inda que máis que en **Hannah**...): unha perceptíbel dificuldade para traspasar a referéncia a un certo entorno máis ou menos privado ou cercano, e facer que as suas personaxes teñan a espesura e consisténcia prórias que o bon saber facer de Allen tras da cámara merece. Non axuda a desbotar esa sensación o feito de que a base dos actores sexa da troupe habitual do autor, coa sua compañeira á cabeza. Nen que os diálogos, ainda que traballados, revelen aos seus recitadores como asiduos/as do analista. Ninguén nega que certa xente fale das suas depresións e sentimentos con tan aséptica terminloxía, pero en todo caso recorda demasiado a órbita de sempre do director.

Polo demais este, axudado de novo pola delicada situación de Carlo di Palma, dirixe o filme con man de cineasta sensíbel e máis que seguro, algo xa hai tempo acreditado. Nunha obra de clara filiación teatral consegue facer pasar desapercibida a cámara acadando unha salientábel fluidez non fácil de obter nunha fita destas características. Mágoa, pois, que Allen non lle teña dado máis alcance a estes brillantes exercícios fílmicos. □

GONZALO VILAS

Woody Allen

ANDANDO A TERRA

O café do Tito


XAN CARBALLA

Non comprendemos como o fermosísimo Val de Quiroga no tivo aínda o seu poeta. Ánxel Fole, feliz habitante desta tribu perante varios anos, deixounos, pra nosa regalia, logradísimos relatos e delicadas impresións sobor destas terras e destas xentes. Por Fole sabemos que os vellos, á capitalidade do Val, á vila de San Martiño, ainda lle chamaban indistintamente Quiroga ou Queiruga. E tamén que o galego falado na bisbarra está cheo de arcaismos. Mesmo se pode falar dun dialecto queirogués, virxe literariamente.

Dende hai moitos anos, servidor e a sua compañeira, son devotos paseantes do Val de Quiroga. De cando en vez prémianse a sí mesmos cun xantar ou unha merendiña ben competente —pedir máis seria soberbia— na *Pousada Villaverde*, unha das melloras cociñas do mundo pró noso paladar de galegos. Despois perdémonos polo Val pra gozar da maravilla da paisaxe —un xardín como tivo que ser o paradiso— e escoitando a música agreste e labrega do río Quiroga, que é o reiseñor máxico do Val, ou a do Sil que trae, nas suas ondas bruadoras, a douzora de Val de Orras e a lénda do ouro què saqueou o romano imperialista e colonizador. Tanto o río Quiroga como o Sil, nos derradeiros tempos, teñen a novedade e a modernidade de traguer as suas augas toldadas por mor das pizarreiras que utilizan o caudal destes ríos pra facer os lavados dos seus materiais.

A vila de San Martiño de Quiroga era moi pequena e apiñábase arredor dunha praciña cuadrada. Despois foise entendendo ao longo da estrada que une a Terra de Lemos co País do Val de Orras. Nos derradeiros anos a vila tivo un grande crecemento debido, precisamente, ás pizarreiras.

Na estrada principal de Quiroga estaba o *Café do Tito* frente ao consistorio. Era o corazón da vila. Algo así como a sá de estar dos quiroguenses. Tratábase dun local pequeno, avarento de luz, co seu mostrador e mesmas de mármore con cadeiras. Daba xenio sentir o bruído das fichas do dominó contra o mármore —posibelmente caurelao— da mesa. E o zunido, como de abellas, das conversas de dominó e Tute. E o fume dos cigarros que mesmo se podía cortar cun coitelo. E as apaixoadas discusións de fútbol e de quinielas. E os abogados da vila —o finado don Eladio Lali, don Pepe de Freixeiro, o desaparecido procurador Mosquera— falando nun rincunllo, arracimados, cos seus clientes ou cos testigos citados pra declarar no xuzgado. E a presencia simpática e cotián do Sadó, que era o toliño do povo. E a deliciosa e pintorisca estufa que quentaba o local nos días invernais. E os vasos de viño do país ou as pingas de augardente pra desbravar o café. E o Tito: alto, ben proporcionado, co cabelo ondulado, o gran bigote co que se ordenaba e os seus grandes ollos mouros, fondos e espresivos. O Tito sempre cordial, simpático, tolerante, indo dun lado pra outro, servindo e atencionando á parroquia, que era todo o Val, as xentes que baixaban do Caurel e os forasteiros. E as mesas que, nos tórridos días do vrau quirogués, poñía fora, frente a estrada. Moitas horas ten gastado nelas o noso amigo Pio Quiroga que iba pra poeta e rematou de emigrante en Venezuela.

Coidamos que Ánxel Fole tivo forzosamente que escreber algo do *Cafe do Tito* como escrebeu das tabernas do Peniche e do Tiberio, nobles e ilustres establecementos, onde matan as sedes os bebedores locais. Sabemos que o grande escritor ten pasado moitas horas neste café, ao amor da estufa, escoitando aos parroquianos, apuntando as palabras que lle chamaban a atención, parolando do divino e do humano, das cousas do mundo e do trasmundo co seu párrafo inesquencibel, fumando sen parar, tomando os seus cafeses e as suas copiñas...

No *Café do Tito* paraba Novoneyra nas suas baixas e subidas ao Caurel. Nel alternou tamén Darío .Xohán Cabana; Pepiño Estevez, vinculeiro do clan dos *Coles*; Mario Prol, Xoán Rolo, cecáis Eduardo Moreiras... Servidor foi sempre moi parcial deste delicioso e inesquencibel café. Sempre que viaxaba a Quiroga, se lle era posibel, facia nel unha parada. Cando se comenzaron a abrir, ao longo da estrada, novas e modernas cafeterías, todas igual, procurou, deica onde lle chegaron as forzas, ser fidel ao *café do Tito*. Moitos dos seus acompañantes non querían entrar nel porque lles semellaba vello. Preferían a modernidade estandarizada e uniformada. Pra moita xente, aínda estudiada, todo o vello é feo e todo o moderno é fermoso. Aló eles e as suas estéticas, nas que non entramos nen saímos. Que lles aproveiten.

O *cafe de Tito* pechou as portas. Con el clausurouse toda unha época quiroguesa. Ao pasar dediante das suas portas atrancadas, un sinte unha mágoa nostálxica e melancólica. É como se pecharan a eirexa parroquial e enmudeceran as campanas, clausuraran a praza da vila ou o reloxio do consistorio non dera as horas. Digan o que digan, sen o *café do Tito*, Quiroga queda máis pobre. E máis triste. □

M. HORTAS VILANOVA

RETRINCOS DA HISTÓRIA

Ánxel Casal e Nós



Nós, Pubricacións Galegas e Imprenta foi unha empresa fundamental para o desenrolo da nosa cultura na década que vai do 1927 a 1936 pola sua laboura de publicación e espallamento. Fundada por Ánxel Casal na Coruña no anos da Ditadura de Primo, a editorial e imprensa pasou por vários enderezos, primeiramente nas coruñesas ruas Real e de Linares Rivas para trasladarse logo a Santiago, co advento da República, a unha casa da rua das Hortas propiedade do artista Camilo Diaz e, xa definitivamente, á rua do Villar.

Ánxel Casal Gosende, nado na Coruña no 1895, foi un dos vários fillos dun matrimónio asentado cunha fonda na fonte de San Andrés primeiro e na praza de Maria Pita despois. Precoz emigrante sen fortuna por Buenos Aires e Burdeos, voltou aos poucos á sua terra ainda mozo. Desde que no 1916 fora un dos primeiros en acudir ao chamamento das Irmandades da Fala, Casal xa non deixará as filas do galeguismo e do nacionalismo. Por entón casa na Coruña con Maria Miramontes Mato, costureira de ofício, e instalan o daquela novedoso negócio da venta de retallos.

Na Coruña, ademais de impresor e editor, Casal foi un activista do teatro e do ensino en galego como actor e mestre, respectivamente, do Conservatório de Arte Galego e da escola de Primeiro Ensino das Irmandades da Fala.

Xa instalado en Santiago, Casal resulta eleito concellal da cidade a raiz do trunfo da Frente Popular en Febreiro do 1936 e escollido alcalde por decisión dos seus compañeiros de corporación. Sen ser político de relevе, Casal apresentaba, á par do seu insobornável galeguismo, un talante democrático e conciliador que o facia merecedor do respeto e amistade dos seus contendentes políticos.

Ainda que para moitos seria máis grave o seu labor como editor galego, o relevante cargo que ocupou por uns meses convertiuno en diana dos fascistas sublevados en Xullo do 36. Detido na cadea de Santiago, Casal foi "paseado" unha noite aparecendo o seu cadavre nunha cuneta de Cacheiras. Camilo Diaz, amigo de Casal na loita e na desgrácia, tivo vagar e alento para retratar en sinxelos deseños a moitos dos que agardaban na cadea santiaguesa a hora fatal do "paseo" deixándonos un macabro documento.

A criación dunha editorial e imprensa própria era unha necesidade sentida polos galeguistas naqueles anos. Xunto con Leandro Carré Alvarellos, home que xa estivera vencellado coa sua família ao negócio impresor, Casal funda a *Imprenta e Editorial Lar*. Remata separándose de Carré para fundar *Nós* no 1927. Con escasos meios, o enorme celo profisional de Casal acadaba unha calidade gráfica superior ao que podía agardarse do material de segunda man co que traballaba. Como dixo Otero Pedrayo "enxamais saiu da imprensa de Casal unha páxina ruin, ou intresada".

Nós chegou a publicar como mínimo uns 150 volumes da autoria daqueles homes comprometidos co galeguismo, coas Irmandades, co Seminário de Estudos Galegos, co Partido Galeguista, moitos deles xa clásicos hoxe da nosa literatura: Castelao, Risco, Cabanillas, Manuel Antonio, Noriega, Otero Pedrayo... Ademais das publicacións periódicas que saíron do prelo de Ánxel Casal: a revista *Nós*, *A Nosa Terra* ou os Arquivos do Seminário.

O nome escolleito por Casal para a sua editorial ten un senso de autoafirmación, ao tempo que de auto-pertenéncia a unha comunidade, de compaña e solidaridade. Ademais da imprensa e editorial, o nome ten fondas resonáncias na cultura galega. *Nós* é nada máis nen nada menos que o nome do fermoso álbum de Castelao, do grupo e da xeneración que foi fundamental para o rexurdimento e desenvolvimento da nosa cultura neste século, da revista cultural que era órgao do grupo. *Nós*, en definitiva, somos nós.

Nós foi un pouco o fillo ou a prole que Ánxel e Maria non chegaron a ter e a ela entregáronse con dedicación, entusiasmo e cartos, pois lonxe de ser rendável a emprēsa esixia ás veces adiantar cartos que tardaban en cobrarse ou non chegaban a cobrarse endexamais. Tense dito que as gañáncias do taller de costura de Maria Miramontes —non sei se unha adiantada da "moda galega" mais seica modista acreditada— cubriron máis dunha vez o déficit da imprensa e editorial.

Nós tiña como símbolo ou logotipo —como se di agora— un hórreo de catro pares de pés, adiviñandose á sua sombra a silueta dun mestre léndolle un libro a uns nenos. Para un home apegado á terra coma o Casal cada un dos libros que ian saindo do seu prelo debian ser como unha ricaz e farturenta colleita de millo e *Nós* era a despensa, o cabazo que compria acugular para saciar a fame momentánea dos espíritos cultivados e enxebres e a futura dos que habian espertar co tempo a unha realidade descoñecida.

De non ser pola barbárie que escomenzou aquel fatídico verán do 36 o froito cultural de *Nós* encheria moitos cabazos ou, cando menos, un das dimensións do de Carnota ou de San Martiño de Ozón, que non está moi craro cal dos dous é o meirande do país. O que si está craro é o relevo e a importáncia do enorme esforzo editorial desenrolado por un home de quen Castelao chegou a dicer, nunha frase que por modesta e un chisco esaxerada non deixa de ser esplícita e rotunda: "Casal por Galiza fixo máis que todos nós". □

XESUS TORRES REGUEIRO

ANUNCIOS DE BALDE

Os titiriteiros de **Kaos** anímanche as festas do teu coléxio, gardaria ou do teu bairro e de todos aqueis que queiran pasalo ben. Os interesados en conectarnos poden chamar aos teléfonos de Moaña (986) 31 14 09 e 31 20 03.

Vendo mel da Galiza (Serra do Faro de Aviom - Ourense), producido artesanalmente sem tratamento químico, em botes de 1/2 Kgr. a 650 pta. E 1 Kgr. a 1.200 pta. para pedidos mandar cheque polo importe máis 150 pta. para gastos de envio a nome de Joám Lois Galego Torrado, 32513 Godás da Cima - O Carvalinho Ourense.

Exposición de Fotografia "Hiroshima e Nagasaki". A disposición de concellos, asociacións e entidades. Educadores pola Paz (Nova Escola Galega) Apartado 577 Vigo.

Vendo **vídeo reproductor VHS.** Marca Baitron VCR-12. A estrenar. Garantia 24 meses. 20 mil pesetas. Tfno. (981) 25 98 03.

Em A Corunha **curso intensivo de galego reintegrado** (e breve aproximaçom à cultura-portuguesa). 14 de Novembro a 16 de Dezembro (todos os dias). Pelas 20.15 h. até às 21.15. Instituto Salvador de Madariaga. Inscripçom e matrícula: a) Livraria Terra, Praça do Conservatório, 2 (onde a Escola de Idiomas); b) Livraria Lume, Rua Fernando Macias, 3; c) Livraria Couceiro, Praça do Livro.

Danse **clases de Matemáticas** de BUP, FP e COU. Perguntar por Marina, polas tardes, na Rua Touro 3-7º dereita (Compostela).

EXPOSICIONS

■ Coleccion Manfred Schwarz

Exposición en Andro Arte (Via Norte 22, Galaria. VIGO). Obras de 32 pintores galegos: Lodeiro, Laxeiro, Matamoro, Quesada, Sevillano, Moldes, Monroy, Eiravella, Granell,...

■ Cine científico

Na Casa das Ciéncias de A Coruña o dia 14 proxectarase ás 12 h. a película "Protección dos boscos. Un árbore"

■ Século das luces

Exposición no Centro Cultural da Caixa Vigo "Memória histórica do século das luces". Desde o dia 17.

■ Colección da Deputación de A Coruña

Nos salóns do Banco Bilbao-Vizcaya de Betanzos está aberta unha exposición dos fondos pictóricos sobre paisaxe da Deputación de A Coruña.

■ Pintura do Parlamento

Móstrase nas salas do Museu de Povo Galego. Compostela.

■ Emilio Lavandeira

Exposición de debuxos "Os curas" deste xornalista compostelán. No auditório da Caixa de Aforros de Pontevedra nesta mesma cidade.

Lodeiro

■ Manuel Sendón

Inaugura o dia 15 unha exposición na Sala da Galeria Sargadelos de Compostela.

■ Artes e Tradicións Populares

Exposición no Círculo das Artes de Lugo da exposición que a Dirección Xeral de Cooperación Cultural, apresentada polo Museu do Castro de Viladonga.

■ Manuel Vidal

Na Nova Sala de Exposicións da Caixa Vigo do 10 ao 21 de Xaneiro.

■ Rosa Quicler

Debuxos e Pinturas na Sala de Arte (Policarpo Sanz, 24) de Vigo.

CONVOCATORIAS

■ Curso sobre o adestramento físico e vocal do actor

1. Puntos básicos a tratar no curso
— Investigación sobre a dinámica corporal.
— Accións corporais elementais.
— Acrobácia.
— Acción e reacción no espácio.
— Princípios de adestramento no teatro clásico oriental.
— Fantasía vocal.
— Análise dos procesos creativos.
— O actor no espácio.
— Traballo rítmico.

2. Sectores ós que vai adicado o curso
— Actores que queren aperfeizoar a sua técnica teatral.
— Grupos de Teatro.
— Mestres e pedagogos que buscan novas fontes de inspiración para as suas actividades.
— Calquera persoa que estea interesada en investigar as suas próprias posibilidades de expresión corporal e comunicación.

3. Director do curso
Pino Capitani (nacionalidade italiana)

4. Responsábeis de pedagoxia aplicada
— Constanza Rosner (nacionalidade alemana)
— Christph Hebing (nacionalidade alemana)
— Siegur Schubert (nacionalidade suiza)
Grupo Johannes Vardar-Nómadas do teatro.

4. Duración do curso
Do 27 de Xaneiro ao 2 de Febreiro (sábado e domingo incluído)

5. Horário do curso
Días laborábeis (de 18 a 21 h.), sábado e domingo (de 9,30 a 13,30 h.)

6. Local no que se impartirá o curso
Casa da Cultura de Fene.

7. Matriculación
— Efectuarase na Casa da Cultura de Fene (Fonte do Campo s/n. Teléfono: 34 14 51) a partir do 12 de Xaneiro. Horário: de 9 a 12 e de 17 a 20 h.
— O número de prazas é limitado (ata un máximo de 40 participantes). Cubriranse por rigurosa orde de inscrición.
— A cuota de matriculación será de 3.000 pts. Estarán exentos de cuota os parados que acrediten esta condición mediante certificación expedida polo INEM e os menores de 18 anos.
— Expedirase diploma/certificación acreditativa de ter participado neste curso.

8. Observacións
— A formalización da matrícula implica a aceitación como participante no curso.
— Os participantes deberán asistir ás sesións do curso provistos de roupa cómoda, xa que van traballar co corpo.
— Os horários das sesións poderán experimentar algunha ampliación, en función do desenvolvimento do curso.

■ Xornadas sobre a integración do minusválido psíquico adulto

Obxectivo
As Xornadas teñen como obxectivo, propiciar a discusión e reflexión en torno ás cuestións que inciden máis notabelmente na integración do Minusválido Psíquico Adulto, cara unha política coerente na programación e planificación dos servícios sociais deste sector.

Metodoloxia
Ao longo de dous dias participarán tres ponentes que, durante unha hora farán a sua exposición da realidade actual e as novas perspectivas nese campo. Ao final das mesmas haberá un colóquio.

Haberáa duas mesas redondas; na primeira expoñeranse comunicacións sobre o tema das Xornadas por parte de diferentes profesionais. Na segunda farase unha valoración da situación galega da integración, formada por representantes dos colectivos de afectados.

Por último, catro grupos de traballo, nos que se discutirán, cada úu desde o seu rol profesional, cuestións, previamente apresentadas, coa intención de sacar unhas conclusións ao final das Xornadas.

Participación
As Xornadas van dirixidas especialmente aos profesionais dependentes da Consellería de Traballo e Benestar Social, e outros organismos e colectivos directamente implicados na problemática da integración do Minusválido Psíquico Adulto. As prazas serán como máximo de cen. Seguirase o seguinte **programa**

27 Xaneiro
9,30 h. Presentación das Xornadas polo Director Xeral de Servicios Sociais, **Ilmo. Sr. D. Delfín Fernández Alvarez.**

10.00 h. Ponencia. Marco xurídico: autonómico, estatal e europeo da integración do Minusválido Psíquico Adulto. Por **D. Demetrio Casado** Secretario Executivo do Real Patronato de Prevención e atención a persoas con minusvalía.

12,00 h. Ponencia: Formación profesional e ocupacional. Unha análise da situación actual e a súa importancia na integración do Minusválido Psíquico Adulto. Por **D. Oscar Miró Quintana.** Director Xerente Taller AURIA. Cataluña.

16,00 h. Ponencia: Integración laboral do Minusválido Psíquico Adulto (Análise dos sistemas de emprego actuais e a súa problemática). Por **D. Juan Pérez Marín,** Presidente de F.F.A.PS e Xerente de PROMI. Córdoba.

18.00 h. Mesa redonda: Comunicacións e experiencias.
—Directora ASPABER
—Director ASPRONAGA
—Director Centro MENELA
—Hospital Psiquiátrico Conxo

28 Xaneiro
9,00 h. Traballo en grupo.
12,00 h. Traballo en grupos.
16,00 h. Mesa redonda: Sobre a situación actual da integración do Minusválido Psíquico Adulto coa participación dun representante de asociacións de pais, un representante de empresa, un Director dun Centro Ocupacional e un formador orientador.
18,00 h. Presentación de conclusións.
19,00 h. Clausura das Xornadas polo Conselleiro de Traballo e Benestar Social, D. Miguel Martínez Losada.

libraria couceiro
somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses
República El Salvador, 9 Tel. 56 58 12 SANTIAGO
Praza do Libro Tel. 26 63 77 A CORUÑA

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS
ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

CHAME AO TLF. (986) 43 36 24 E SOLICITE AS NOSAS TARIFAS PUBLICITÁRIAS
A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

A NOSA TERRA

ANO XI • 12 DE XANEIRO • 1989 — Nº 370 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS

CONTAMINAN AS NOVAS CELULOSAS PROXECTADAS PARA A GALIZA?

RAMÓN VARELA

Nos últimos catro meses, estanse batendo todos os records de proxectos de instalación de novas celulosas no noso país, dado que xa son tres os que se apresentaron publicamente e na Xunta da Galiza. Feldmühle, multinacional alemán e primeira industria da C.E.E. relacionada coa pasta de papel, pretende instalarse ne Fazouro, para producir 250.000 Tm/ano de celulosa ou pasta de papel coa finalidade de exportala para as suas fábricas xermanas, especializadas na fabricación do papel, **xa que no seu território as indústrias coa tecnoloxia de pasta ao sulfato Kraft están expresamente proibidas pola alta contaminación que producen.** Na Galiza tan só fabricaria 60.000 Tm/ano de papel para uso doméstico "en sus diversas variantes de modalidad higiénica" segundo as declaracións do Presidente da firma alemana Hartwig Geginat, que ademais na apresentación do proxecto afirmou que a sua planta de Celulosa necesitaba dunha política forestal, por parte da Administración Autonómica "acorde con sus intereses", "si el Gobierno Gallego hace la política forestal que garantice una materia prima consistente en eucalipto, no habrá problemas para instalarse".

Ás pretensións e esixéncias da Feldmühle ou "Industrias del Rio de Oro S.A.", sucédelle un segundo proxecto apresentado por 28 empresas do Estado español baixo o nome de "Celulosas y Papel de Ferrol, S.A.", máis coñecido por Cepafesa, con maioria de capital de Sarrió, Torras, Ence, Papelera Española, Papelera del Centro... algunha das cales está relacionada con multinacionais coma a árabe KIO. Pretende instalarse na zona de Ferrol para producir 300.000 Tm/ano de pasta e 150.000 de papel, cun consumo de madeira similar á Feldmühle da orde de 800.000 Tm/ano. Este proxecto, que nasce para contestar á multinacional xermana, anunciou que está disposta a chegar a un acordo para instalar unha só planta despois da fusión dos dous proxectos.

No pasado mes de Decembro apresentouse Papirus S.A. grupo industriai integrado polos "holding" Iberpapel e Tampella controlado por capital de Finlándia e participación española. Ao contrário dos dous proxectos anteriores, este encamíñase a aproveitar o piñeiro e a fabricar a pasta de papel con tecnoloxia mecánica (as anteriores eran Kraft), menos contaminante; segundo o "filtrado" na prensa producirá algo menos de 100.000 Tm de pasta e 200.000 Tm/ano de papel, dedicando o 40% á exportación.

Como podemos observar a oferta de CELULOSAS medra dia a dia, e isto lémbranos a década dos anos 70, cando aproximadamente oito proxectos de Celulosas buscaban asentamento na Galiza; Ponteceso, Ourense, Quiroga, Padrón,... eran alguns dos numerosos nomes baralados para instalar estas indústrias altamente contaminantes que buscaban igual que hoxe o noso território para facer só parte do proceso de produción, xusto o mais contaminante e o que dá menos postos de traballo, aproveitándose da abundáncia de água, enerxia eléctrica, man de obra barata e sobretodo aproveitándose das irracionais repovoacións forestais que propagaron os piñeiros e eucaliptos en contra de critérios máis racionais, ecolóxicos e sócio-economicos.

Resulta curioso que ainda que está instalada xa unha planta de fabricación de pasta de papel, cunha produción de 240.000 Tm/ano, Celulosa de Lourizán do grupo INI, despois de 30 anos de pors en funcionamento ainda hoxe é o dia que non se aproveita esta pasta para fabricar na Galiza o papel correspondente; isto demostra o "papel" que xoga Galiza no proceso industrial do Estado, ponto de referéncia para ubicar indústrias de enclave rebotadas doutros lugares e sumamente contaminantes (Refineria sen petroquímica, Alúmina-Alumínio e industrias da minaria de cobre, magnésio... sen indústrias de transformación, fábrica de Celulosa sen papel, ...)

Hoxe estas celulosas afirman que non contaminan, que non é o caso da Celulosa de Pontevedra, senón que adoptan medidas anti- contaminantes. E como seguramente moitos pensan que é verdade e cren que os que nos opoñemos a estes proxectos facémolo por capricho, por ir en contra do desenvolvimento e o progreso, quero traer aqui algunhas cifras sacadas do próprio proxecto da Feldmühle, vexamos.

Despois de utilizar dous sistemas de tratamento de efluentes, primário e secundário, a carga contaminante é:

Volume da água residual:

50.500.000 litros/dia, dos que 48.000.000 corresponden á planta de Celulosa e tan só 2.500.000 á fabricación de papel.

Sólidos en suspensión (fibras, partículas de suxidade, substáncias de revestimento e recheo como talco, arxilas...):

6.400 Kg/ dia correspondendo mais do 95 do total á fábrica de pasta.

Demanda Biolóxica de Osíxeno (Cantidade de osíxeno que se necesita para degradar e descompor a matéria orgánica)

2.000 Kg/dia, correspondendo aprox. o 97 do total a planta de Celulosa.

Demanda Química de osixeno: 36.000 Kg/dia, correspondendo aprox. o 98% do total á planta de pasta.

Cloro orgánico total, TOC1: 1.200 Kg/dia.

Temperatura da água de vertido: 35-40 °C.

O consumo de água na fábrica de celulosa é altísimo, e ainda que se foi reducindo nos últimos 20 anos, segue sendo un caudal que chegaria para abastecer diariamente a Lugo e Ourense xuntas; e pénsese que esta água de vertido sai esaxeradamente quente, de 35 a 40°C, e cunha carga contaminante de diversos produtos (matéria orgánica, aditivos químicos...) que nalguns paises estaria fora da lei; asi:



No que respeta á matéria orgánica que ao descomporse fai que os microorganismos consuman grandes cantidades de osíxeno, a Feldmühle verte unha DBO 5 de 31 mg/l. cando en países como Suiza só consinten 25 mg/l. en 24 h., e no Reino Unido os valores utilizados xeralmente son de 20 mg/l.

A matéria en suspensión, que se debería eliminar do efluente antes de que este chegase ao rio (ria, mar) vai ser da orde de 8 Kg/Tm. cando a OCDE estimaba a meados dos anos 70 con previsión para o 80 que Estados Unidos estivese vertendo 6 Kg/Tm., Suécia 2-5 kg/Tm. como valores guia e Bélxica de 1 a 2 kg/Tm; ao mesmo tempo, os valores indicativos do Organismo de Protección do Meio Ambiente de USA para branqueado e crudo do Kraft eran de 4,5 kg/Tm.

Ademais está o problema da lignina da madeira, responsábel da coloración oscura do vertido con repercusión, igual que a matéria orgánica en exceso e matéria en suspensión, dos problemas nas cadeas alimentícias nos seres vivos do ecosistema. Asimesmo as perdas de sulfato sódico calculadas en 20-50 kg/Tm, que significan perdas indirectas de mercúrio, metal altamente tóxico para a vida ademais de acumulativo, a sosa caústica utilizada contén aprox. 20 mg. de mercúrio por Kg.; está tamen a mesma temperatura que afectará ao metabolismo, comportamento, reprodución... dos seres acuáticos.

No proxecto, e con relación ao vertido ou emisión a atmósfera contémplase que 2 kg de xofre por tonelada de pasta fabricada ou 500.000 kg/ano sairán ao exterior. Nos Estados Unidos a emisión permitida é de 0,15 kg/tn. Aqui 13 veces máis alta. Os gases de xofre son en parte responsábeis de problemas na saúde de animais e plantas e chegan a producir as choivas ácidas que perxudican ás colleitas, árbores forestais, frutais,... etc. e afectan á saúde humana.

Para rematar, ainda quedando numerosos dados sen comentar, podemos asegurar que as indústrias de fabricación de pasta ainda con medidas correctoras da contaminación son das indústrias mais contaminantes. Na Galiza, por suposto, non ten sentido seguir a instalar procesos industriais como o da fabricación de pasta de papel, xa que polas nosas riquezas naturais das rias e litoral poden chegar a destruir máis postos de traballo dos que crean (no caso de Lourizán criáronse 500 postos de traballo e calcúlase que se destruiron perto de 5.000 na pesca, marisqueo, cultivos mariños, turismo...) e temos que ter en conta que exportamos a pasta que se fabrica en Pontevedra. De non pechar e trasladar a factoria de Lourizán unicamente teria sentido instalar na Galiza unha planta de fabricación de papel, indústria moito menos contaminante e que pode dar cinco veces máis postos de traballo con menor investimento. Ao mesmo tempo teria sentido ir pensando no reciclado do papel e cartón usado (como se sabe, pode aproveitarse aproximadamente o 80% deste material) evitando asi a tala exaustiva de árbores, as repovoacións inaxeitadas e indirectamente os incéndios forestais e sobretodo disminuiríamos a contaminación industrial.

O Governo galego teria que ser sensíbel a estes problemas que acarrexa a instalación de novas Celulosas, e ese 75% do investimento a fondo perdido que pode regalar a multinacionais como Feldmühle (aprox. 75.000 millóns) deberian estar destinados a criar emprego en indústrias menos intensivas en capital e por suposto moito menos contaminantes, en función de intereses galegos e non das multinacionais e monopólios madeireiros. □

Ramón Varela Diaz. Biólogo e Presidente de ADEGA

TRES EN RAIA

VERDES E MEDIÁTICOS

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Foron criados baixo o signo do marketing político e nutríronse de desilusións nas vellas formacións. Quixeronse parlamentários para gañar o respeito debido e dar asi o chouto para os meios de comunicación.

Verdes e alemáns.

A partir de aí os meios de comunicación engulíronos, transformáronos, etiquetáronos en faccións dos bons e en faccións dos maos, como compre, chamándolles "realo" e "fundi", e fixeron que cada facción se identificase cunha cidade, como compre, Francfort e Hamburgo.

Contra o princípio basista, grupal, de responsabilidade colectiva, os meios soergueron de antre eles vedettes. E eles, coñecedores de como usar os meios, fornecéronlles espectáculo.

Xa teñen notábeis, persoeiros, políticos profisionais, rápidas ascensións, traidores que se pasan ás posicións do SPD, xa teñen unha imaxe confeccionada polos média.

Conto isto porque mo contou Margaret Manale, unha amiga socióloga que coñecin en Paris e que investiga sobre "Parlamentarización dos verdes e democrácia mediática".

Os meios criando e modificando actitudes, conducindo mesmo aos que se que queren á marxe cara ao hipertactismo do novedoso para serverlles, aos meios, en bandexa, o espectáculo.

Despois das análises de Margaret cada dia góstanme máis actitudes amediáticas como a da sempre persistente Xohana Torres. □

VOLVER AO REGO

Houbo unha inocentada que se botou de menos o 28 de Decembro. Poderia dicer asi: douscentos intelectuais de todo o mundo, de recoñecido prestíxio e dun amplo espectro ideolóxico solicitan do governo español que convoque un referendo sobre a fórmula monárquica de estado. O texto dos intelectuais comeza sinalando que "se o governo español quere convencer ao mundo dos seus valores democráticos debe permitir á povoación o opinar sobre o modelo de estado formulado en 1946 polo Xeneral Franco coa **Lei de Sucesión a la Jefatura del Estado** e concretada en 1969 no príncipe Juan Carlos polas Cortes españolas".

O poeta Ernesto Cardenal, o cantautor Sílvio Rodríguez ou o narrador Gabriel Garcia Marquez figurarian a bon seguro entre os asinantes. □

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA - SA